O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **propostas de resolución aos informes de fiscalización do sector público de Galiza, contidos na Memoria anual de actividades de 2021 do Consello de Contas (11/MCON-000003), incluído o de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2020.**

Resolución núm. 1

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desistir de obstaculizar pola vía da inacción ou do cumprimento as recomendacións contidas nos informes de fiscalización do sector público de Galiza que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2020 remitindo ao Parlamento galego un cronograma da súa concreción e a debida xustificación daquelas recomendacións que non se acepten. Así mesmo, ínstase á aprobación da Conta Xeral de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 2

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar, mediante tramitación ordinaria, facilitando o traballo dos grupos con representación na cámara, as modificacións normativas oportunas a efectos de adiantar o prazo de rendición das contas a 30 de xuño do exercicio seguinte ao que se refiran, a fin de facilitar o achegamento no tempo do control externo a efectuar polo Consello de Contas tal e como reclama desde hai anos o organismo.

Resolución núm. 3

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes á corrección das deficiencias sinaladas polo Consello de Contas respecto do abuso do recurso do Fondo de Continxencia e o seu uso inadecuado.

Resolución núm. 4

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a avanzar na dirección sinalada polo Consello de Contas de estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas máis susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou á concesión de axudas públicas impulsando os mecanismos oportunos e negociado cos concellos galegos un marco de relacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguindo o modelo de Plan Único implantado en tres das catro deputacións galegas.

Resolución núm. 5

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a abandonar as evasivas respecto do uso discrecional dos fondos públicos por parte da Deputación de Ourense e implicarse, desde o respecto á autonomía local, para que asuma as suxestións emanadas do Consello de Contas respecto da transparencia, da xestión do persoal, da redución do peso das subvencións nominativas e dos contratos menores e respecto do acceso da cidadanía á información.

Resolución núm. 6

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes diante do infrafinanciamento estrutural que amosa a Conta Xeral do SERGAS do ano 2020, para o que deberá comprometerse unha mellor planificación orzamentaria que inclúa unha calendarización para a recuperación de servizos privatizados e unha negociación co Estado español para un novo marco de financiamento para este servizo fundamental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 7

O Parlamento galego insta ao goberno galego a poñer en marcha un mecanismo transparente que estableza obxectivos e indicadores de cumprimento cando se proceda á creación de novos incentivos fiscais e a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. Así mesmo, no prazo de tres meses a Xunta remitirá á cámara galega un estudo respecto dos incentivos fiscais arbitrados para dar resposta á crise da covid así como un estudo específico sobre os resultados dos denominados “impostos cero no rural” e das medidas contempladas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica.

Resolución núm. 8

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as eivas nos procedementos de contratación do SERGAS, singularmente a realizar unha análise realista e rigorosa da prestación que se contrata e planificación adecuada da súa duración (cronograma de inicio das actuacións de preparación da nova contratación), coa finalidade de evitar que os contratos se prolonguen sen xustificación e limitar desta forma a concorrência competitiva. Para tal efecto, a Xunta comprométese a remitir á Cámara Galega un informe no prazo máximo de 3 meses no que detalle os procedementos próximos a rematar e estude a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidade, ademais, da súa reversión ao público no caso de tratarse de contratacións privatizadas.

Resolución núm. 9

O Parlamento insta á Xunta á realización, dunha análise dos dereitos pendentes de cobro a fin de determinar a súa orixe, antigüidade e exixibilidade, e a súa posterior remisión a este Parlamento; así como o establecemento dun sistema de control que garanta que a anulación dos dereitos de cobro se realicen previa tramitación do procedemento legalmente establecido.

Resolución núm. 10

O Parlamento galego insta a Xunta a corrixir as eivas nos procedementos de contratación do SERGAS, singularmente a potenciar a figura dun responsable do contrato e outorgarlle competencias e funcións que lle permitan levar a cabo un control efectivo do pactado e incluír neste control o cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras, de forma que se eviten os constantes problemas que estamos a ver no ámbito da atención sanitaria en servizos como a limpeza ou a seguridade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 11

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar un informe sobre os contratos do Sergas que malia estar vencidos, non foron licitados e continúanse a prestar pola mesma adxudicataria, así como de todos aqueles servizos non sanitarios que se están prestando sen o abono do correspondente canón, procedendo á inmediata regularización das situacións.

Resolución núm. 12

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir as deficiencias reiteradas na dación de contas respecto da xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial e remitir, en aras da transparencia, a información pendente ao Parlamento Galego e ao Consello de Contas. Singularmente, a información sobre a situación acumulada para cada proxecto a 31 de decembro de 2020, indicando o tipo de Fondo, número de proxecto e ano de orixe; correspondente tanto a gastos (Dotación proxecto, disposicións, obrigas recoñecidas e pagamentos realizados), como a ingresos (Previsión de ingresos, dereitos recoñecidos e cobros realizados). Así mesmo, a administración galega tomará as medidas oportunas para facilitar esta información desagregada en exercicios posteriores toda vez que o artigo 10 da LFFCI establece a obriga de que as comunidades contabilicen adecuada e separadamente a execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo aos FFCI e con este proceder do goberno galego os estados achegados non permiten obter as desviacións de financiamento acumuladas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asociadas a cada un dos proxectos financiados cos FFCI, nin achegan os datos necesarios para a súa determinación.

Resolución núm. 13

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cumprir as recomendacións pendentes que se reiteran no último Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (Exercicio 2020) e que xa se incluían no anterior, así como a remitir á cámara galega un informe detallado do seu non incumprimento xa que isto non está suficientemente detallado nas alegacións que acompañan dito informe.

Resolución núm. 14

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cumprir co seu Plan Xeral de Contabilidade pública e implantar no SERGAS un sistema integral de contabilidade así como aquelas correccións que reitera e sinala o Informe da Conta Xeral de 2020 e modificar a estrutura da clasificación orgánica do orzamento para adecuarse ás novas estruturas de xestión co fin de posibilitar un maior control, responsabilidade e eficiencia na xestión do orzamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 15

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas conducentes a superar a residual participación dos concellos galegos na obtención de fondos europeos, que necesariamente debe ser corrixida para o aproveitamento dos fondos estruturais así como dos fondos do MRR. Para iso, a Xunta de Galiza dirixirase á FEGAMP para acordar mecanismos que corrixan este problema estrutural.

Resolución núm. 16

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a impulsar e desenvolver no sector dos recursos naturais e medio ambiente, e dentro do marco de financiamento europeo, proxectos que permitan introducir factores de I+D+I e contribúan ao desenvolvemento socio-económico sustentábel do territorio; incluíndo en ditos proxectos compromisos concretos en materia de prevención da corrupción con obrigas específicas que deberán asumir ás partes intervenientes.

Resolución núm. 17

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara un informe exhaustivo con respecto ao cumprimento das recomendacións do Consello de Contas respecto da base de datos XUMCO e a realización do traballo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de homoxeneización da presentación das súas bases de datos, incluíndo un calendario de posta en marcha. Así mesmo, instase a que se avance nun sistema que permita realizar as reprogramacións ao longo do exercicio, a medida que os proxectos se desenvolven, de forma que a súa xestión sexa transparente e permita ter un coñecemento do grao de desenvolvemento dos fondos e de cal é o seu destino final, corrixindo as eivas actuais por impedir ter unha panorámica completa.

Resolución núm. 18

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento galego os informes emitidos en aplicación do plan de control financeiro do Sergas para o 2020.

Resolución núm. 19

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de revisión do soporte contractual e da antigüidade dos concertos, con especial atención aos sanitarios, así como ás colaboracións público-privadas do servizos públicos de cara a reorientar a organización destes cara a reversión para a xestión pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 20

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha de forma inmediata o rexistro de entidades do sector público previsto no art. 52 da LOFAXGA no que deben inscribirse a constitución das entidades e os demais actos relativos a elas que se determinen, debendo depositarse nel as contas de cada entidade para o efecto da súa remisión ao Consello de Contas.

Resolución núm. 21

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a establecer sistemas de control sobre as sociedades e fundacións públicas nas que a Administración autonómica non ostenta o control pero é o socio maioritario.

Resolución núm. 22

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar e remitir á Cámara Galega para o seu debate un informe respecto do estado e evolución das incertezas e riscos que dende unha perspectiva de prudencia financeira sinala o Consello de Contas respecto das entidades instrumentais autonómicas e o impacto da pandemia nestes instrumentos, de cara a avaliar as actuacións que deben impulsarse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución núm. 23

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha de forma inmediata unha mesa de traballo para abordar as diferentes problemáticas do persoal das fundacións públicas galegas, singularmente a disparidade entre as retribucións asignadas a postos semellantes e as irregularidades dos contratos temporais realizados que cobren prazas estruturais, posto que esta situación continúa pendente de resolver.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2023 17:04:56

Noa Presas Bergantiños na data 09/03/2023 17:04:59





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 09/03/2023 17:05:09

Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2023 17:05:19



Á Mesa da Comisión Permanente non lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa mesa as seguintes **propostas de resolución**, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da **conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020**.

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia reproba a falta de dilixencia no labor de colaboración da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda co Consello de Contas de Galicia, ao continuar constatando que, en xeral, non se aprecian avances salientables no cumprimento das reiteradas recomendacións realizadas polo dito órgano.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que aborde neste exercicio 2023 unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa un novo plan de contabilidade pública adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade Pública do ano 2010, así como a mellora na delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, dez anos despois da aprobación da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que anticipe antes do 30 de xuño do exercicio correspondente á rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas e a súa remisión á Cámara galega.



Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para, en cumprimento do principio de transparencia, presentar a memoria anual da Conta Xeral estruturada e completa, coa incorporación da información prevista na normativa de aprobación, especialmente, nos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e do grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar correctamente a previsión orzamentaria de determinados programas de gasto que, ano tras ano, son obxecto de modificacións orzamentarias reiterativas, tales como o 411A, o 713F, o 723A ou o 741A, rematando coas deficiencias estruturais na súa valoración orzamentaria e que ofrecen unha imaxe inicial falseada de tales gastos.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fundamentar de xeito totalmente congruente e claro o financiamento vinculado ás incorporacións de crédito relativo á liquidación de exercicios anteriores.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas, así como a elaborar toda a documentación necesaria para non limitar o alcance dos informes por parte do Consello de Contas de Galicia, procedendo ao subministro sobre o coste de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia, elaborando e dando a coñecer un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro e auditoría pública.



Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias co fin de restrinxir o uso do programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas), e evitar a súa utilización como programa-ponte de transferencias de crédito co obxectivo de posibilitar a superación dos límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.

Resolución núm. 9

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que regule os supostos de aplicación, así como a dotación asignada o Fondo de Continxencia, segundo establece a LOEOSF.

Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación orzamentaria e contable entre os investimentos reais e os gastos de carácter inmaterial, dado que a maior parte das operacións rexistradas no artigo 64 non corresponden a activos inmateriais nin a investimentos, tal e como acontece, por exemplo, cos gastos de publicidade, como reiteradamente vén informando o Consello de Contas ou os gastos de persoal vía encomendas de xestión artificiais.

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que publique na súa páxina de transparencia, información accesible e actualizada acerca dos obxectivos económicos e financeiros establecidos e o seu grao de realización polas diversas unidades de gasto do sector público autonómico.

Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, e levar a cabo as actuacións necesarias para conseguir unha utilización máis eficiente dos recursos tal que ao final de cada exercicio se xustifique unha contía superior dos fondos aos que se realizou en precedentes exercicios.



Resolución núm. 13

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rebaixar o volume, tanto en importe como número, das modificacións orzamentarias, realizando unha concreta e axeitada valoración do seu impacto sobre os obxectivos de gasto programados.

Resolución núm. 14

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a respectar a lexislación aplicable e a non volver a diminuír, tal e como aconteceu no ano 2017, os créditos consignados para gastos do programa 312D para a atención á dependencia, ao tempo que verificar o nivel de calidade asistencial da rede pública de centros de atención ás persoas maiores adscritas á Consellería de Política Social.

Resolución núm. 15

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a computar e contabilizar correctamente os gastos correspondentes a cada exercicio económico, para evitar a validación de gastos de exercicios anteriores, así como desprazamentos de obrigas ao ano seguinte, que por non se computaren correctamente non figuran no cálculo do remanente e constitúen pasivos ocultos, e que para o ano 2019 supuxeron un importe global superior aos 144,97 millóns de euros, incrementándose nun 48 % o gasto desprazado respecto ao exercicio anterior.

Resolución núm. 16

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a integrar a todos os efectos as fundacións de investigación con conexións aos centros sanitarios públicos, no sector público autonómico, sometendo polo tanto as súas contas á rendición do Consello de Contas de Galicia.

Resolución núm. 17

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regularizar os concertos sanitarios que se manteñen no tempo sen soporte contractual adecuado, para rematar coa utilización de xeito reiterado de autorizacións de uso que en moitos casos non acreditan necesidades urxentes que se pretenden atender por parte do Sergas.



Resolución núm. 18

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a coordinación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos organismos e entes públicos e privados especializados nos sectores estratéxicos relacionados cos obxectivos programáticos do novo marco operativo 2014-2020: innovación, investigación, tecnoloxía, sostibilidade, cambio climático e economía dixital, así como a formación do persoal vinculado a estes sectores, para favorecer deste xeito a captación de financiamento europeo nos proxectos que se poidan desenvolver nestas áreas.

Resolución núm. 19

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que empregue indicadores para o seguimento dos incidentes que se producen na execución dos proxectos europeos, de modo que se poidan evitar os atrasos nas certificacións e pagos aos que dá lugar o incumprimento das obrigas e condicións contraídas polos preceptores dos fondos europeos.

Resolución núm. 20

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que nas distintas bases de datos XUMCO e Conta Xeral, se incorpore o mesmo sistema de identificación e clasificación de todas as persoas beneficiarias de fondos europeos, relacionando os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e especificando os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica.

Resolución núm. 21

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar no labor de control sobre o hospital privado de Povisa, efectuando unha análise do custo das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) para poder fixar con exactitude o importe a satisfacer a este ente concertado e permitir unha idónea comparativa co paciente atendido nos centros públicos, ao tempo que a implantar mecanismos efectivos para o seguimento e valoración sanitaria, así como dos sistemas de información, superando as eivas evidenciadas pola Administración autonómica neste sentido.



Resolución núm. 22

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no prazo máximo de 5 meses un informe á Cámara galega no que dea conta pormenorizada do grado de execución ou incumprimento en relación ás conclusión e recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia e recollidas no documento “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral”.

Resolución núm. 23

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar substancialmente e axilizar por parte do Sergas os procesos de reclamacións de responsabilidade patrimonial, reforzando a análise sobre os incidentes acontecidos e para avanzar no obxectivo da súa minoración, promover criterios homoxéneos que garantan unha maior calidade da instrución e regular o funcionamento da Comisión de seguimento existente.

Resolución núm. 24

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que poña en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto na Lofaxga e estableza sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.

Resolución núm. 25

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto, así como regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.

Resolución núm. 26

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que as entidades instrumentais actualicen o marco de contabilidade pública, aproben un novo plan galego ou se acollan ao Plan xeral de contabilidade pública aprobado pola Administración central.



Resolución núm. 27

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, conforme ás esixencias da Lofaxga, a establecer nas axencias públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas, así como a aprobación no prazo de tres meses dos plans estratéxicos e plans de acción anuais previstas nas súas normas de creación e inéditos ata o día de hoxe.

Resolución núm. 28

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a verificar o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

Resolución núm. 29

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a negociar coas entidades locais galegas a asunción e o custe das competencias impropias que están sendo desenvolvidas polas corporacións locais, así como abordar un plan de financiamento local.

Resolución núm. 30

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de comunicación anual que inclúa o orzamento total destinado a publicidade e propaganda distribuído por consellerías e entes instrumentais do sector público de Galicia.

Resolución núm. 31

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a publicar no portal de transparencia os expedientes de validación de gastos irregulares aprobados polo Consello da Xunta, a xustificación dos incumprimentos ou omisión de fiscalización detectados, incluíndo os expedientes de validación tramitados en relación co Sergas.

Resolución núm. 32

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar o cumprimento da obriga de publicidade da contratación menor, definindo o obxecto da contratación e permitindo a explotación dos datos por beneficiarios sen



limitacións temporais, co obxecto de evitar os fraccionamentos irregulares e dar garantía aos cumprimentos dos principios básicos da contratación administrativa de publicidade, concorrência e integridade.

Resolución núm. 33

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reducir o grao de temporalidade no emprego público, especialmente no ámbito sanitario, tal e como ten constatado o Consello de Contas. O obxectivo de temporalidade no emprego público está a nivel nacional no 8 %. En Galicia a temporalidade afecta a máis do 25% dos profesionais, sendo maior no persoal laboral (próximo ao 50%) e afectando especialmente a colectivos como o de enfermaría."

Resolución núm. 34

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha base de datos dos reparos efectuados polas distintas Intervencións Delegadas e as contestacións realizadas polos diferentes órganos xestores para a fiscalización polo Consello de Contas de Galicia, do mesmo xeito que xa se efectúa o dito control en relación coas entidades locais de Galicia.

Resolución núm. 35

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe que conteña os datos de execución dos fondos propios e recibidos do Estado do Xacobeo 2021, así como dos procesos de contratación.

Resolución núm. 36

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á profesionalización da xestión do Instituto Galego de Promoción Económica, que na actualidade presenta unha porcentaxe de falta de pagamento de préstamos moi elevada.

Resolución núm. 37

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a negociar coa Fegamp un novo marco de financiamento para os centros de información da muller.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 18:03:02
Nº Rexistro: 51203
Data envío: 09/03/2023 18:03:02.484

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/03/2023 17:47:45

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia,** sobre as medidas a tomar para rexeitar a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada para o vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U, no concello de Silleda.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta actúe canto antes diante da situación do vertedoiro de Bander Residuos, S.L.U. en Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Diario Oficial de Galiza do 1 de marzo de 2023 publica o ” ANUNCIO do 22 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada para o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U., no concello de Silleda, provincia de Pontevedra (expediente 2021-IPPC-M-103)”

Unha modificación que a empresa declara que é para poder levar a cabo a ampliación e adaptación do vertedoiro existente, co obxecto de poder albergar unha maior capacidade de residuos e acoller un maior número e diversidade.

A modificación solicitada pretende aumentar a superficie ocupada e a capacidade de almacenamento de residuos até 792.563 m3, cunha previsión de 25.000 toneladas ano que equivalen a 35.714 m3/ano.

Tamén se solicita a ampliación dun número moi importante de códigos LER de residuos: prospección e extracción de minas e canteiras, químicos orgánicos e inorgánicos, agricultura, caza, pesca, preparación e elaboración de alimentos, industria, coiro, téxtil, produtos farmacéuticos, pinturas, vernices, esmaltes, tintas, centrais térmicas, industria do ferro, aceiro, aluminio, produtos cerámicos e construción, cemento, cal, plásticos, servizos médicos e veterinarios, tratamentos de augas residuais...

O proxecto prevé a creación de tres balsas de distintos tamaños que acumularían no seu conxunto máis de medio millón de litros a menos de 150 metros do Río Toxa.

O proxecto reconece a xeración de impactos ambientais: po, gas, ruído, lexiviados, alteración da rede de augas superficiais e subterráneas, alteración da biodiversidade, da calidade paisaxística, risco de incendio, afectación á calidade do habitat e saúde humana...

Esta petición fixo saltar todas as alarmas entre a veciñanza da zona pola enorme afectación que suporía a súa aprobación. Non entenden como na vez de solucionar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

degradación producida polo vertedoiro existente, se inicia unha tramitación para aumentar e perpetuar a mesma

O actual vertedoiro para o que se solicita ampliación entrou en funcionamento en 2002 despois dun investimento por parte da Consellaría de Medio Ambiente de máis de 200.000€ para o seu acondicionamento. Tiña unha capacidade de almacenamento de 395.000TN ampliables a case 500.000 e foi xestionado, inicialmente, pola empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo, do Grupo Indeza.

Tratábase dun proxecto de rexeneración dunha antiga canteira no que os residuos vertidos nela debía cumprir os requisitos legais. Estes non poderían ser solúbeis nin combustíbeis nin outro tipo de materiais que en contacto con outros puideran ocasionar danos para a saúde e o medio ambiente. Para cumprir estes requisitos era imprescindible un estrito control na recepción dos residuos para a caracterización dos mesmos, a clasificación, a separación dos impropios e a entrega a xestor autorizados dos mesmos.

En 2008 os veciños do lugar presentan alegacións en contra da solicitude de autorización ambiental integrada (AAI) para a legalización da actividade entre outras cousas, por non contar co requisito de impermeabilización que esixe o R.D.1481/2001 para este tipo de residuos. En 2010 a Xunta concedeulle a autorización ambiental integrada, facendo pasar por un depósito de residuos inertes un vertedoiro que recibe madeiras, plásticos, cartóns e unha diversidade de rexeites de residuos sen clasificar.

En 2011 produciuse un incendio no vertedoiro, o segundo en catro anos, indica claramente o vertido de residuos impropios susceptíbeis de combustión. Segundo se publicou, o lume fora producido polos responsábeis do roubo de chatarra, material que non debía entrar no vertedoiro. A sanción de 25.000€ imposta en 2017 pola consellaría de Medio Ambiente á concesionaria por depositar residuos que terían que ir a outras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

zonas para o seu tratamento, indica claramente que non se fixeron as labores de control, separación e xestión dos materiais recibidos.

En 2019 a asociación Galicia Ambiental denunciou ante o Seprona as filtracións de augas lixiviadas do vertedoiro ao seu entorno, a poucos metros do río Toxa e da súa Fervenza. Estes lixiviados, potencialmente contaminantes polo tipo de residuos enterrados no vertedoiro incumprindo a lexislación da D.X. Minas en canto a restauración de ocos mineiros e uso de materiais non autorizados, así como as da Consellaría de Medio Ambiente posto que en Campomarzo xestionáronse residuos para os que o vertedoiro de inerte non tiña autorización.

O vertedoiro está sen actividade desde 2016, data na que a empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo entrou en concurso de acredores. O administrador concursal tiña autorización do xulgado para adoptar as medidas de vixilancia ambiental que lle impoñía o plan de restauración, pero non chegou a adoptar ningunha porque o vertedoiro foi adxudicado en poxa a unha empresa xestora de residuos do Carballiño, Building Desarrollo SL. quen posteriormente vendeu o vertedoiro á empresa lalinense, Bander SL.

Sorprendentemente, a Xunta devolve a Fianza da antiga canteira de Campomarzo a Explotaciones Mineras Campomarzo a petición da administración concursal, cando o vertedoiro fora vendido a unha terceira compañía, Bander SL, sen que se realizase ningunha obra de restauración nin se teña presentado un proxecto de uso para o vertedoiro, sancionado por múltiples ilegalidades na xestión de residuos de obra e industriais.

Segundo os artigos 99 e 100 da lei 7/ 2022, de 8 abril, de residuos e solos contaminados, as comunidades autónomas poderán declarar e delimitar mediante resolución expresa os solos contaminados, debida á presenza de compoñentes de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carácter perigosos procedentes das actividades humanas e estarán obrigados a realizar as operación de descontaminación e recuperación os causantes da contaminación, tanto se son propietarios dos solos como posuidores dos mesmos.

Resulta polo tanto sorprendente que por parte da Xunta na vez de facer cumprir a lexislación e esixirlle á empresa a restauración á que está obrigada do vertedoiro, inicie a tramitación do estudo de impacto ambiental e a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada precisos para a ampliación do vertedoiro.

Consideramos absolutamente inxustificado un macro vertedoiro coma o que se pretende, que estaría situado a escasos metros da Rede Natura, a escasos metros do río Toxa e da captación de augas para abastecemento da poboación de Merza.

Os riscos deste proxecto son moitos: vertido de metais pesados ao medio e aos leitos próximos, o sistema de depuración mediante ósmose inversa e a tecnoloxía de membranas non impide que os metais pesados cheguen ao leito fluvial e de aí río abaixo á Ría de Arousa, liberación de gases polo proceso de descomposición, creación de atmosferas explosivas e falta de oxixeno, con risco de incendios, transito de camiós, afectación a hábitats prioritarios, a especies catalogadas como vulnerábeis e algunhas en perigo de extinción...

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cal é a xustificación para que a Xunta na vez de esixir a restauración do vertedoiro, inicie a tramitación para a ampliación do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2023 11:50:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/03/2023 11:50:14

Mercedes Queixas Zas na data 13/03/2023 11:50:26

Rosana Pérez Fernández na data 13/03/2023 11:51:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/03/2023 11:51:48

Daniel Pérez López na data 13/03/2023 11:51:57

Iria Carreira Pazos na data 13/03/2023 11:52:04

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2023 11:52:15

Daniel Castro García na data 13/03/2023 11:52:27

María del Carmen Aira Díaz na data 13/03/2023 11:52:36

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2023 11:52:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/03/2023 11:52:58

María González Albert na data 13/03/2023 11:53:07

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2023 11:53:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2023 11:53:21

Alexandra Fernández Gómez na data 13/03/2023 11:53:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/03/2023 11:53:37

Paulo Ríos Santomé na data 13/03/2023 11:53:48

Carmela González Iglesias na data 13/03/2023 11:53:55





Á Mesa do Parlamento

Adrián Pardo López, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia abriu o 10 de febreiro o prazo para participar na terceira edición do programa Xuventude Mentoring que serve para asesorar, formar e impulsar á mocidade cara a inserción laboral.

Esta nova edición contará con 250 prazas para mozos de entre 18 e 30 anos e manterase aberto o prazo de inscrición ata o 10 de marzo. O Goberno galego destinará este ano un orzamento de 500.000 euros para a súa posta en marcha.

Este programa impulsado pola Xunta de Galicia, en colaboración co CIXUG e as tres universidades galegas, leva dous anos ofrecendo á xuventude un primeiro contacto coa súa área de coñecemento, con actividades formativas e visitas a empresas para que os mozos poidan crear a súa rede de contactos.

Esta iniciativa é un apoio fundamental para a mocidade por darlle a seguridade e as ferramentas para pasar de estudantes a profesionais.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nun 80%, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, para o período 2014-2020.

Por todo o exposto, os deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:





Que balance fai a Xunta de Galicia da edición anterior do programa Xuventude Mentoring?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 03/03/2023 13:41:04

José Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2023 13:41:17

María Corina Porro Martínez na data 03/03/2023 13:41:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/03/2023 13:41:44

Noelia Pérez López na data 03/03/2023 13:42:00

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 03/03/2023 13:42:19

López Sánchez, Rosalía na data 03/03/2023 13:42:33

Raquel Arias Rodríguez na data 03/03/2023 13:42:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En 2022 un total de 8.257 traballadores e traballadoras galegas con titulación universitaria marcharon a traballar a outras comunidades autónomas. Esta fuga de talentos vai en aumento. Os galegos e galegas con estudos superiores que emigraron a outras partes de España foron un 15 % máis que o ano 2021. En un lustro o incremento supera xa o 21 % de persoas que decidiron traballar fóra da nosa terra .

Sen embargo Galicia non atrae na mesma medida a profesionais con títulos universitarios, solo 4.000 no último ano, é dicir a metade dos que marchan. Son datos de contratados do Instituto Galego das Cualificacións dependente da Consellería de Promoción do Emprego.

Galicia perdeu o ano pasado unha masa laboral de 7.730 persoas, sen contar os que se marchan ao estranxeiro, un déficit que ademais duplica o saldo negativo de 3.600 que se contabilizaba en 2021. Entre os que abandonan o mercado laboral galego, unha cuarta parte son titulados universitarios. Tamén marcharon a traballar a outras comunidades 7.689 titulados de Bacharelato e 3.759 con estudos de FP e emigraron 8.140 traballadores e traballadoras cualificadas na agricultura e pesca.

O ano pasado fóronse a traballar a outras partes do noso país un total de 6.575 técnicos e profesionais científicos e intelectuais. Por este motivo, dende o noso grupo parlamentarios solicitamos que Goberno autonómico consolide unha



carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador equivalente á dos países máis avanzados. Ademais de aumentar os recursos, a Xunta de Galicia debe garantir o cambio xeracional e a atracción e retención de talento, así como garantir o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes no eido científico.

Detrás destes datos non só existe un problema laboral ou económico, senón tamén demográfico. O 76 % das persoas traballadoras que abandonan Galicia para traballar noutras partes de España teñen menos de 45 anos. O pasado ano marcharon case 12.000 de vinte anos e 13.600 profesionais entre 30 e 44 anos, en total 25.600 galegos e galegas. Unha das razóns que apuntan os expertos para explicar a fuga de talento é o desaxuste entre a oferta e a demanda de este tipo de persoas traballadoras.

A Xunta de Galicia ten que elaborar urxentemente un plan para a retención de todas estas persoas mozas que marchan a traballar fora da nosa terra, porque de seguir, sen tomar ningunha medida, o problema demográfico de moitas vilas da nosa comunidade será irreversible.

Galicia perde cada vez máis capital humano cualificado, mentres as empresas quéixanse de que non atopan man de obra formada. E a maiores, a fuga de talento supón desperdiciar recursos públicos en formar capital humano que logo marcha fora.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensando o Goberno galego elaborar un plan de retención de talento, dotado dunha partida orzamentaria suficiente para implimentalo urxentemente, onde colabore o tecido empresarial da nosa comunidade autónoma e as tres universidades galegas?

Santiago de Compostela, 3 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/03/2023 13:52:46

Noelia Otero Lago na data 03/03/2023 13:52:55

Martín Seco García na data 03/03/2023 13:53:02



Á MESA DO PARLAMENTO

15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Manuel Lourenzo Sobral
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2023 12:24:06

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/03/2023 12:24:09

Noa Presas Bergantiños na data 09/03/2023 12:24:16





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde que o pasado 21 de febreiro de 2023, a Comisión Europea presentara a súa folla de ruta para eliminar gradualmente a pesca de arrastre de todas as zonas mariñas protexidas da Unión Europea (UE) para 2030, o Goberno do Estado permanece calado.

Caso contrario do que está a facer o Goberno francés que se posicionou frontalmente en contra dos plans da Comisión Europea.

Así, o Ministro francés de pesca, Hervé Breville, pronunciouse respecto disto o 23 de febreiro en Normandía na súa visita aos pescadores de Port-en-Bessin: "A miña postura é clara, non validarei a medida tal cal no próximo Consello Europeo. A nosa prioridade hoxe é o desenvolvemento da pesca"

O 25 de febreiro, o presidente da República Francesa, Emmanuel Macron, foi quen rexeitou limitar o arrastre. Nunha xuntanza cos profesionais do mar, "está decidido a opoñerse" ao plan proposto pola Comisión Europea para eliminar progresivamente a pesca de arrastre de fondo nas zonas mariñas protexidas".

Segundo o presidente do Comité Nacional de Pesca francés, Olivier Le Nezet "o presidente da República deixou moi claro que Francia non acepta o método empregado pola Comisión e que a súa resposta será moi firme e inequívoca ao respecto". Ademais o xefe do Estado comprometeuse a "protexer a industria pesqueira, en nome da soberanía alimentaria francesa".

"O Presidente escoitounos. Non aceptará un plan que suporía a morte da pesca francesa", dixo Le Nezet.

Esta oposición frontal de Francia contrasta sorprendentemente coa desidia do Goberno español, xa que nin o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, nin o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Palas se manifestaron ao respecto.

Por todo anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Cal é a opinión do Goberno galego sobre o silencio do Goberno de España ao respecto da decisión da Comisión Europea de eliminar gradualmente a pesca de arrastre de todas as zonas mariñas protexidas da Unión Europea para 2030?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 09/03/2023 13:44:51

José Manuel Balseiro Orol na data 09/03/2023 13:45:06

Freire Vázquez, María Begoña na data 09/03/2023 13:45:25

Ana Belén García Vidal na data 09/03/2023 13:45:35

Manuel Santos Costa na data 09/03/2023 13:45:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/03/2023 13:46:01

Rodríguez Pérez, Moisés na data 09/03/2023 13:46:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a sinistralidade laboral en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Outro ano máis, Galiza atópase á cabeza das comunidades autónomas cun índice máis elevado de mortes de persoas traballadoras por accidente laboral. De xaneiro a decembro do ano 2022 faleceron 67 traballadores e traballadoras en xornada laboral, colocándonos neste triste podio só por detrás de outros territorios como Murcia ou a Rioxa. Un número de falecidos que é o máis alto desde o ano 2009 (no que faleceran 72 persoas en accidente laboral) e que son 18 máis das falecidas no ano 2021.

Desgraciadamente, que o noso país lidere esta triste estatística non é algo puntual, xa que levamos anos nos postos altos de falecementos por accidente laboral: 238 persoas traballadoras falecidas nos últimos cinco anos. Case unha morte por accidente na xornada laboral por semana.

Galiza atópase ano tras ano por riba da media estatal do Índice de Incidencia de accidentes mortais. No ano pasado producíronse 6,59 mortes por cada 100.000 persoas traballadoras, fronte ás 3,51 no conxunto do Estado español.

Dentro desas 67 mortes, 21 corresponden ao mariñeiros que faleceron no Vila de Pitaxo. Se a sinistralidade laboral acada no noso país uns números certamente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preocupantes, a desagregación por sectores amosa que traballar no mar é, se cabe, máis perigoso, xa que un sector que conta con 20.000 empregadas e empregados, como é o da pesca e a acuicultura, sumou el só 103 mortes entre o anos 2010 e 2022.

Estes datos terribéis amosan con claridade un dato obxectivo e irrefutábel: que as políticas de prevención da sinistralidade laboral nos últimos 14 anos non atallaron o problema. Para o Bloque Nacionalista Galego esta non é unha realidade asumíbel, e pode e debe ser mudada.

Son moitas as causas que provocan que a sinistralidade afecte de xeito especialmente grave ás traballadoras e traballadores galegos. Como pode ser un mercado de traballo marcado pola precariedade, eivas importantes en canto a formación en materia de prevención, ou a concienciación das propias empresas para investir máis en prevención de riscos laborais

En calquera caso, para parar esta sangría que afecta especialmente á clase traballadora galega, é imprescindible un compromiso moito maior das administracións.

O goberno galego e, nomeadamente a Consellería de Emprego, deben mudar profundamente as políticas activas de prevención de riscos laborais, que se amosaron como insuficientes. Debe apostar de xeito decidido desde o punta de vista orzamentario pola formación e a sensibilización social para que se identifique a sinistralidade como un problema social grave e reforzar as ferramentas coas que xa se contan neste eido. Aumentando tamén a coordinación entre os dispositivos públicos que xogan un papel importante na prevención.

A gravidade do problema é tal que esixe unha estratexia clara e definida e con plans específicos, na que interveñan todos os axentes sociais e que conte con dotación orzamentaria para cumprir os seus obxectivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que o goberno galego asuma, dunha vez por todas, que para atallar o problema da sinistralidade laboral galega debe, indefectiblemente, asumir todas as competencias posíbeis en materia de prevención e inspección, e avanzar na consecución dun marco galego de relación laborais que teña en conta as especificidades e particularidades da realidade laboral galega.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Considera o Goberno galego necesario adoptar novas medidas para protexer con maior efectividade a saúde e a seguridade laboral das traballadoras e traballadores galegos?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 09/03/2023 13:56:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 09/03/2023 13:56:48

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2023 13:56:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmela González Iglesias e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o control na licitación, adxudicación e execución en determinados contratos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de decembro o Pleno da Comisión Galega da Competencia resolveu o arquivo do expediente sancionador incoado o día 3 de maio de 2022 contra as mercantís Core Grid, S.L. e Vitel, S.A. pola presunta realización de prácticas colusorias no procedemento de contratación pública do servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de gravación de vistas orais. A resolución de arquivo fundamentouse na previa declaración de prescrición da infracción imputada.

O contrato no que supostamente se produciu infracción atribuída ás empresas denunciadas foi adxudicado por Resolución de 18 de outubro de 2017. Foi a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza quen advertiu ao Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA) a que puxo os feitos en coñecemento da autoridade galega en materia de competencia o día 10 de febreiro de 2022, isto é, 4 anos e 4 meses após da adxudicación do contrato.

Prácticas como as denunciadas atentan contra o principio de libre competencia en prexuízo do interese público prexudicando tanto aos recursos públicas, como á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calidade da prestación dos servizos aos que se refire , permitindo a fraude e a corrupción en beneficio exclusivo das empresas que forman parte do acordo.

A falla de dilixencia e control da Xunta de Galiza é a quen impediu a persecución das conductas presuntamente infractoras, a sanción ás responsábeis e a eliminación das súas consecuencias.

A propia Comisión Galega da Competencia reclama da Xunta de Galiza “unha maior axilidade (e maior celo) na actuación das mesas de contratación na detección e denuncia de actuacións que poidan ser constitutivas de infraccións anticompetitivas nas licitacións públicas”.

Nesa mesma liña de demanda de “maior celo”, no BNG e tamén dende distintas organizacións sindicais, vimos constatando como en diferentes ocasións se propuña a adxudicación de contratos, ou mesmo se adxudicaban contratos públicos, a empresas que incumprían requisitos básicos para a contratación público, como por exemplo contar cun Plan de Igualdade, o que evidencia a falla de dilixencia da Xunta de Galiza en materia de contratación pública.

Tampouco consta maior dilixencia da Xunta de Galiza na exixencia do cumprimento dos contratos, posto que en numerosas ocasións se ten constatado a existencia de incumprimentos na prestación dos servizos contratados, p.e. na atención residencial en centros de maiores, sen que conste a existencia de incoación de procedementos para a imposición de penalidades ou para o reintegro do indebidamente percibido.

E por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a Xunta de Galiza que quedaran impunes, por prescripción, as prácticas colusorias denunciadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como que podan existir empresas adxudicatarias de contratos públicos carecendo dos requisitos legais para tales adxudicacións?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Carmela González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2023 18:04:03

Carmela González Iglesias na data 09/03/2023 18:04:07

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2023 18:04:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a situación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Bueu.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación na que se atopa o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Bueu.

Exposición de motivos

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros, de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sofre os recortes, as consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listaxes de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Hoxe, a veciñanza de Bueu ten que soportar e sufrir a falta das profesionais de pediatría que lle pertence no Centro de Saúde, como consecuencia da falta de planificación, a precariedade laboral na atención primaria que alonxa ás profesionais do noso sistema público de saúde.

Ao igual que existen e deben existir as profesionais especializadas para tratar doenzas concretas, a saúde das crianzas deben ser atendidas por profesionais especializadas na súa saúde, xa que existen diferentes especificidades na saúde e nas doenzas das crianzas que deben ser atendidas de xeito específico.

Actualmente, o Centro de saúde de Bueu non conta coas 2 profesionais en pediatría que tiñan até o momento, facendo que a saúde e as doenzas das crianzas de Bueu teñan que ser atendidas ou ben acudindo ás urxencias hospitalarias en Pontevedra, co conseguinte aumento no volume das pacientes que deben atender e que pode provocar un empeoramento do servizo ou mesmo o colapso, ou que os pais e nais se vexan obrigadas a acudir á sanidade privada.

A Xunta de Galiza pretende resolver esta situación con parches, en forma de atención da pediatría por parte de persoal de enfermería ou en persoal médico non especializado na saúde e nas doenzas concretas das crianzas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a cobertura das prazas de pediatría, hoxe sen cubrir no Centro de Saúde do Concello de Bueu?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 13/03/2023 12:56:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre os incumprimentos laborais da empresa LIDL no almacén loxístico de Narón.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación totalmente paralizada no almacén loxístico de LIDL en Narón despois de un mes de folga indefinida.

Exposición de motivos

O persoal do almacén de distribución que a empresa LIDL SUPERMERCADOS SAU ten no Polígono Río do Pozo, no Concello de Narón, leva en situación de folga indefinida desde o día 14 de febreiro.

A folga está convocada por causa dos reiterados incumprimentos do convenio colectivo por parte da empresa, principalmente por causa da realización de xornadas extraordinarias por riba dos límites legais.

Neste centro de traballo prestan servizo unhas 150 persoas, e a folga está a ter un elevado seguimento, que entre o persoal indefinido é do 100%.

A dirección da empresa está a tomar medidas para fornecer de mercadoría as tendas desde outros almacéns, o que é unha conduta manifestamente vulneradora do dereito fundamental de folga do persoal. A CIG, como sindicato convocante da folga, ven de presentar demanda perante a xurisdición social por este motivo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

No entanto a empresa négase a negociar co comité de folga unha posíbel solución do conflito.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para contribuír a unha saída negociada do conflito do almacén de distribución de LIDL no Polígono Río do Pozo de Narón?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 13/03/2023 13:02:44





Á Mesa do Parlamento,

Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereas Fraiz deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Xunta de Galicia e Altri teñen demostrado desde o primeiro momento a súa máxima implicación para conseguir que a fábrica de fibras téxtiles sostibles sexa unha realidade para Galicia, para a provincia de Lugo, para Palas de Rei e para o sector forestal no seu conxunto. De feito, ninguén pode dúbida do firme compromiso que ata agora a empresa vén amosando con este proxecto, nin tampouco do apoio e o importante labor realizado polo Goberno galego, tanto para conseguir que se desenvolva na provincia luguesa, como para axudar ao seu impulso e tramitación.

Sen embargo, Altri está a trasladar que, a pesar de querer executar a nova fábrica en Galicia e de ter encontrado na sociedade Impulsa e a Xunta de Galicia a cobertura necesaria para preparar un proxecto pioneiro - con capacidade para mobilizar un investimento de 800 millóns de euros e xerar ao redor de 2.500 empregos -, se está encontrando con que o Goberno segue sen asignar os fondos europeos necesarios para garantir o seu desenvolvemento, incumprindo o compromiso adquirido polo presidente Sánchez en xullo de 2022.

Un desenlace que carecería de sentido cando os fondos europeos Next Generation naceron, precisamente, para modernizar e dar músculo ao tecido industrial do país, achegando novas oportunidades no ámbito empresarial e laboral da man de proxectos transformadores como este, centrado na economía circular que guía o “Pacto Verde Europeo”.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego de que o Goberno de España aínda non teña confirmado a financiación necesaria para que a fábrica de fibras téxtiles sexa unha realidade para Galicia e a provincia de Lugo?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2023 13:44:39
Nº Rexistro: 51321
Data envío: 13/03/2023 13:44:39.385

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 13/03/2023 13:40:33

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/03/2023 13:40:54

José Antonio Armada Pérez na data 13/03/2023 13:41:17

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/03/2023 13:41:43

Pardo López, Adrián na data 13/03/2023 13:41:53

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/03/2023 13:42:03

Borja Vereza Fraiz na data 13/03/2023 13:42:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **pregunta urxente** para o seu debate en **Pleno**.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que a veciñanza do Morrazo coñeza, canto antes, se a Xunta de Galicia vai establecer unha liña directa que una esta comarca cos hospitais de Vigo dos que é usuaria.

Na actualidade, o Sergas conta para a prestación da atención hospitalaria na Área Sanitaria de Vigo cun Complexo Hospitalario Universitario que o compoñen os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (C.H.U.V.I.) atende á poboación dos concellos da área de influencia que ten asignada, proporcionando cobertura a unha poboación de 566.626 cidadáns, pertencentes a 26 concellos. Entre outros, o concello de Cangas e Moaña atópanse circunscritos á área sanitaria de Vigo e, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística para o ano 2021, estes municipios acadaron unha poboación de 26.708 e 19.496 persoas, respectivamente; o que fai un total conxunto de 46.204 como poboación de referencia.

Por outra banda, na zona do Meixoeiro existe, ademais do Hospital, varios centros de ensinanza: C.I.F.P. Manuel Antonio, IES Ricardo Mella e CIFP Valentín Paz Andrade, a Escola Universitaria de Enfermería; e residencias de atención integral ás persoas maiores

Ducias de persoas residentes no Morrazo diariamente se desprazan en autobús a Vigo para desenvolver a súa actividade profesional, formativa e/ou



asistencial, é dicir, pacientes, traballadores sanitarios, persoal auxiliar, docentes, persoal de limpeza, estudantes..., todas estas persoas están interesadas na conexión en autobús do servizo público entre a comarca do Morrazo e os centros hospitalarios Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, por iso solicitan melloras neste traxecto no transporte en autobús.

Actualmente, todos estas persoas usuarias que utilizan o autobús empregan unha hora e quince minutos, no mellor dos casos, nun traxecto de 38 km. Con estes tempos de percorrido, o servizo de transporte vólvese ineficiente por non funcionar de xeito adecuado. Isto está a causar o abandono do transporte público en autobús polos usuarios, que se decantan por empregar vehículos particulares para chegar a tempo aos seus postos de traballo e para o retorno aos seus fogares.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten por obxecto facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sustentabilidade económico-financeira e medioambiental. Así como fomentar e potenciar o emprego prioritario do transporte público en calquera dos seus modos, e facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular.

Por iso, a deputada que asina, pregunta:

Ten pensado a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade establecer unha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro, cunha duración estimada inferior a unha hora?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2023 17:17:39
Nº Rexistro: 51341
Data envío: 13/03/2023 17:17:39.975

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/03/2023 16:59:01

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184986

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Manuel Álvarez Martínez, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que medidas de axuda ten previsto adoptar o seu goberno para mellorar a situación económica actual da sociedade galega?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data **13/03/2023 17:48:44**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, vai solicitarlle ao goberno central a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2023 17:57:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre as medidas a tomar para rexeitar a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada para o vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U, no concello de Silleda.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta actúe canto antes diante da situación do vertedoiro de Bander Residuos, S.L.U. en Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Diario Oficial de Galiza do 1 de marzo de 2023 publica o ”ANUNCIO do 22 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada para o vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U., no concello de Silleda, provincia de Pontevedra (expediente 2021-IPPC-M-103)”

Unha modificación que a empresa declara que é para poder levar a cabo a ampliación e adaptación do vertedoiro existente, co obxecto de poder albergar unha maior capacidade de residuos e acoller un maior número e diversidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A modificación solicitada pretende aumentar a superficie ocupada e a capacidade de almacenamento de residuos até 792.563 m³, cunha previsión de 25.000 toneladas ano que equivalen a 35.714 m³/ano.

Tamén se solicita a ampliación dun número moi importante de códigos LER de residuos: prospección e extracción de minas e canteiras, químicos orgánicos e inorgánicos, agricultura, caza, pesca, preparación e elaboración de alimentos, industria, coiro, téxtil, produtos farmacéuticos, pinturas, vernices, esmaltes, tintas, centrais térmicas, industria do ferro, aceiro, aluminio, produtos cerámicos e construción, cemento, cal, plásticos, servizos médicos e veterinarios, tratamentos de augas residuais...

O proxecto prevé a creación de tres balsas de distintos tamaños que acumularían no seu conxunto máis de medio millón de litros a menos de 150 metros do Río Toxa.

O proxecto reconece a xeración de impactos ambientais: po, gas, ruído, lexiviados, alteración da rede de augas superficiais e subterráneas, alteración da biodiversidade, da calidade paisaxística, risco de incendio, afectación á calidade do habitat e saúde humana...

Esta petición fixo saltar todas as alarmas entre a veciñanza da zona pola enorme afectación que suporía a súa aprobación. Non entenden como na vez de solucionar a degradación producida polo vertedoiro existente, se inicia unha tramitación para aumentar e perpetuar a mesma

O actual vertedoiro para o que se solicita ampliación entrou en funcionamento en 2002 despois dun investimento por parte da Consellaría de Medio Ambiente de máis de 200.000€ para o seu acondicionamento. Tiña unha capacidade de almacenamento de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

395.000TN ampliáveis a case 500.000 e foi xestionado, inicialmente, pola empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo, do Grupo Indeza.

Tratábase dun proxecto de rexeneración dunha antiga canteira no que os residuos vertidos nela debía cumprir os requisitos legais. Estes non poderían ser solúbeis nin combustíbeis nin outro tipo de materiais que en contacto con outros puideran ocasionar danos para a saúde e o medio ambiente. Para cumprir estes requisitos era imprescindible un estrito control na recepción dos residuos para a caracterización dos mesmos, a clasificación, a separación dos impropios e a entrega a xestor autorizados dos mesmos.

En 2008 os veciños do lugar presentan alegacións en contra da solicitude de autorización ambiental integrada (AAI) para a legalización da actividade entre outras cousas, por non contar co requisito de impermeabilización que esixe o R.D.1481/2001 para este tipo de residuos. En 2010 a Xunta concedeulle a autorización ambiental integrada, facendo pasar por un depósito de residuos inertes un vertedoiro que recibe madeiras, plásticos, cartóns e unha diversidade de rexeites de residuos sen clasificar.

En 2011 produciuse un incendio no vertedoiro, o segundo en catro anos, indica claramente o vertido de residuos impropios susceptíbeis de combustión. Segundo se publicou, o lume fora producido polos responsábeis do roubo de chatarra, material que non debía entrar no vertedoiro. A sanción de 25.000€ imposta en 2017 pola consellaría de Medio Ambiente á concesionaria por depositar residuos que terían que ir a outras zonas para o seu tratamento, indica claramente que non se fixeron as labores de control, separación e xestión dos materiais recibidos.

En 2019 a asociación Galicia Ambiental denunciou ante o Seprona as filtracións de augas lixiviadas do vertedoiro ao seu entorno, a poucos metros do río Toxa e da súa Fervenza. Estes lixiviados, potencialmente contaminantes polo tipo de residuos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enterrados no vertedoiro incumprindo a lexislación da D.X. Minas en canto a restauración de ocos mineiros e uso de materiais non autorizados, así como as da Consellaría de Medio Ambiente posto que en Campomarzo xestionáronse residuos para os que o vertedeiro de inerte non tiña autorización.

O vertedoiro está sen actividade desde 2016, data na que a empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo entrou en concurso de acredores. O administrador concursal tiña autorización do xulgado para adoptar as medidas de vixilancia ambiental que lle impoñía o plan de restauración, pero non chegou a adoptar ningunha porque o vertedoiro foi adxudicado en poxa a unha empresa xestora de residuos do Carballiño, Building Desarrollo SL. quen posteriormente vendeu o vertedoiro á empresa lalinense, Bander SL.

Sorprendentemente, a Xunta devolve a Fianza da antiga canteira de Campomarzo a Explotaciones Mineras Campomarzo a petición da administración concursal, cando o vertedoiro fora vendido a unha terceira compañía, Bander SL, sen que se realizase ningunha obra de restauración nin se teña presentado un proxecto de uso para o vertedoiro, sancionado por múltiples ilegalidades na xestión de residuos de obra e industriais.

Segundo os artigos 99 e 100 da lei 7/ 2022, de 8 abril, de residuos e solos contaminados, as comunidades autónomas poderán declarar e delimitar mediante resolución expresa os solos contaminados, debida á presenza de compoñentes de carácter perigosos procedentes das actividades humanas e estarán obrigados a realizar as operación de descontaminación e recuperación os causantes da contaminación, tanto se son propietarios dos solos como posuidores dos mesmos.

Resulta polo tanto sorprendente que por parte da Xunta na vez de facer cumprir a lexislación e esixirlle á empresa a restauración á que está obrigada do vertedoiro,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inicie a tramitación do estudo de impacto ambiental e a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada precisos para a ampliación do vertedoiro.

Consideramos absolutamente inxustificado un macro vertedoiro coma o que se pretende, que estaría situado a escasos metros da Rede Natura, a escasos metros do río Toxa e da captación de augas para abastecemento da poboación de Merza.

Os riscos deste proxecto son moitos: vertido de metais pesados ao medio e aos leitos próximos, o sistema de depuración mediante ósmose inversa e a tecnoloxía de membranas non impide que os metais pesados cheguen ao leito fluvial e de aí río abaixo á Ría de Arousa, liberación de gases polo proceso de descomposición, creación de atmosferas explosivas e falta de oxixeno, con risco de incendios, transito de camiós, afectación a hábitats prioritarios, a especies catalogadas como vulnerábeis e algunhas en perigo de extinción...

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

Cal é a xustificación da Xunta para que na vez de facer cumprir a lexislación e esixirlle á empresa propietaria a restauración á que está obrigada do vertedoiro, inicie a tramitación do estudo de impacto ambiental e a solicitude de modificación substancial da autorización ambiental integrada precisos para a ampliación do mesmo?

Parécelle acaído situar a escasos metros da Rede Natura, a escasos metros do río Toxa e da captación de augas para abastecemento da poboación de Merza un macro vertedoiro coma o que se pretende?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera xustificado nesa localización un proxecto que recoñece a xeración de impactos ambientais: po, gas, ruído, lexiviados, alteración da rede de augas superficiais e subterráneas, alteración da biodiversidade, da calidade paisaxística, risco de incendio, afectación á calidade do habita e saúde humana...?

Que accións vai realizar a Xunta para garantir a rexeneración da canteira situada nas inmediacións da fervenza do Toxa, no concello de Silleda, a eliminación dos materiais non permitidos e impedir o vertido de lexiviados?

Por que a Xunta procedeu á devolución do aval á empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo sen que se tiveran feito as correspondentes labores de retirada do material contaminante e impropios?

Realizou a Xunta algunha avaliación para determinar a contaminación dos terreos ocupados polo vertedoiro e os circundantes?

Que medidas pensa adoptar para que se retiren do vertedoiro os residuos impropios, combustibles e contaminantes?

Que medidas pensa adoptar para evitar acumulación de auga no vertedoiro e os lixiviados que rematan no Toxa?

Que responsabilidades vai esixir?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2023 11:41:43

Alexandra Fernández Gómez na data 13/03/2023 11:41:54

Paulo Ríos Santomé na data 13/03/2023 11:42:03

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2023 11:42:15



Á Mesa do Parlamento,

Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereas Fraiz deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Xunta de Galicia e Altri teñen demostrado desde o primeiro momento a súa máxima implicación para conseguir que a fábrica de fibras téxtiles sostibles sexa unha realidade para Galicia, para a provincia de Lugo, para Palas de Rei e para o sector forestal no seu conxunto. De feito, ninguén pode dubidar do firme compromiso que ata agora a empresa vén amosando con este proxecto, nin tampouco do apoio e o importante labor realizado polo Goberno galego, tanto para conseguir que se desenvolva na provincia luguesa, como para axudar ao seu impulso e tramitación.

Sen embargo, Altri está a trasladar que, a pesar de querer executar a nova fábrica en Galicia e de ter encontrado na sociedade Impulsa e a Xunta de Galicia a cobertura necesaria para preparar un proxecto pioneiro - con capacidade para mobilizar un investimento de 800 millóns de euros e xerar ao redor de 2.500 empregos -, se está encontrando con que o Goberno segue sen asignar os fondos europeos necesarios para garantir o seu desenvolvemento, incumprindo o compromiso adquirido polo presidente Sánchez en xullo de 2022.

Un desenlace que carecería de sentido cando os fondos europeos Next Generation naceron, precisamente, para modernizar e dar músculo ao tecido industrial do país, achegando novas oportunidades no ámbito empresarial e laboral da man de proxectos transformadores como este, centrado na economía circular que guía o “Pacto Verde Europeo”.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego de que o Goberno de España aínda non teña confirmado a financiación necesaria para que a fábrica de fibras téxtiles sexa unha realidade para Galicia e a provincia de Lugo?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2023 13:44:56
Nº Rexistro: 51322
Data envío: 13/03/2023 13:44:56.447

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 13/03/2023 13:36:04

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/03/2023 13:36:32

José Antonio Armada Pérez na data 13/03/2023 13:37:02

Pardo López, Adrián na data 13/03/2023 13:37:56

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/03/2023 13:38:12

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/03/2023 13:38:26

Borja Vereza Fraiz na data 13/03/2023 13:38:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incremento do uso de auga potable pola poboación humana nas últimas décadas é indiscutible. O carrexo da auga desde a fonte máis próxima ou a súa extracción con caldeiros dos pozos artesianos quedou para o recordo. No seu lugar están as traídas tanto particulares e veciñais coma as municipais. Estas últimas abastécense na súa maioría de encoros e regatos ou ríos. Estacións de bombeo e a potabilización por medio da cloración e o seu control por analíticas máis ou menos frecuentes é algo que nos últimos tempos se considera útil e necesario para preservar a hixiene e a saúde da cidadanía.

Nas zonas rurais con presenza de explotacións de gandería intensiva o consumo tanto para alimentación coma para lavado de animais e instalacións é moi alto e a lexislación actual esixe auga sanitaria, é dicir cun control periódico da súa calidade e potabilidade.

Tamén é certo que o deterioro da calidade das augas tanto subterráneas coma de superficie vai en aumento. Ríos e regatos reciben aportes de substancias e vertidos que merman a pureza das súas augas e da flora e fauna propias dos seus ecosistemas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ata hai poucos anos era normal a presenza do merlo de río co seu peito branco e as pedras das beiras branqueadas coas súas deposicións, debaixo das pedras dos leitos de ríos e regatos atopábanse roucos, mainos e outras larvas de insectos que logo emerxían á superficie e formaban parte dun ricaz ecosistema vistoso no seu colorido e valioso no seu equilibrio. A vexetación dos leitos estouraba soamente a principios de verán, hoxe en día faino a partir de febreiro debido aos nutrientes que aportan as augas.

Na actualidade o deficiente funcionamento de moitas Edares, os fitosanitarios e fertilizantes agrícolas, vertidos de todo tipo, zonas con excesiva carga gandeira... estragaron ese equilibrio e desterraron en moitos deles ao merlo de río, cóbregas, londras, a vida nas pedras... que a falta de analíticas amosan unha calidade das augas máis ca dubidosa. Unha boa parte dos encoros do noso país sofren explosións de cianobacterias en períodos de seca no verán. Os ríos reciben os aportes das edares de funcionamento dubidoso e, ao tempo, son os principais abastecedores de auga para as poboacións.

Aínda que todas as administracións procuran ollar para outro lado e lavar as mans, o problema está aí.

As traídas veciñais, en bo número delas non fan analíticas periódicas, e as municipais fanas con criterios que non son acordes cos tempos e coa realidade xa descrita.

A responsabilidade “compartida” entre o Sergas e a Consellería de Medio Ambiente xunto coa responsabilidade directa dos concellos a respecto das garantías necesarias das augas de consumo, unha vez máis resta efectividade ás políticas necesarias e facilita o desleixo e o descontrol.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

--É consciente o goberno da Xunta de Galiza do deterioro da calidade das augas tanto subterráneas coma continentais que serven para o abastecemento humano?

--Existe algún protocolo de mínimos e de obrigado cumprimento referente á periodicidade e o espectro das analíticas das augas municipais?

--Os concellos rurais con notable carga gandeira, teñen algunha recomendación ou protocolo especial en canto a frecuencia e espectro das analíticas?

--Cando se detecta a presenza de cianobacterias nalgún encoro que recibe augas de ríos e regatos que son fonte de abastecemento para consumo humano, establécese algún protocolo especial a respecto de controis nas traídas públicas afectadas ?

--É consciente o goberno da existencia de traídas particulares e veciñais que non realizan controis periódicos das súas augas?

--Ten previsto algún tipo de medidas para corrixir estas deficiencias?

--Cales van ser as liñas mestras da adaptación da actual situación ao recente RD 3/2023 ?

--Vanse establecer medidas máis reais e rigorosas de control por parte do goberno da Xunta?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/03/2023 09:57:52

Xosé Luis Bará Torres na data 03/03/2023 09:58:04

María González Albert na data 03/03/2023 09:58:15

María del Carmen Aira Díaz na data 03/03/2023 09:58:25





Á Mesa do Parlamento

Adrián Pardo López, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia abriu o 10 de febreiro o prazo para participar na terceira edición do programa Xuventude Mentoring que serve para asesorar, formar e impulsar á mocidade cara a inserción laboral.

Esta nova edición contará con 250 prazas para mozos de entre 18 e 30 anos e manterase aberto o prazo de inscrición ata o 10 de marzo. O Goberno galego destinará este ano un orzamento de 500.000 euros para a súa posta en marcha.

Este programa impulsado pola Xunta de Galicia, en colaboración co CIXUG e as tres universidades galegas, leva dous anos ofrecendo á xuventude un primeiro contacto coa súa área de coñecemento, con actividades formativas e visitas a empresas para que os mozos poidan crear a súa rede de contactos.

Esta iniciativa é un apoio fundamental para a mocidade por darlle a seguridade e as ferramentas para pasar de estudantes a profesionais.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nun 80%, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, para o período 2014-2020.





Por todo o exposto, os deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia da edición anterior do programa Xuventude Mentoring?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 03/03/2023 13:38:47

José Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2023 13:39:05

María Corina Porro Martínez na data 03/03/2023 13:39:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/03/2023 13:39:35

Noelia Pérez López na data 03/03/2023 13:39:50

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 03/03/2023 13:40:03

López Sánchez, Rosalía na data 03/03/2023 13:40:17

Raquel Arias Rodríguez na data 03/03/2023 13:40:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

En 2022 un total de 8.257 traballadores e traballadoras galegas con titulación universitaria marcharon a traballar a outras comunidades autónomas. Esta fuga de talentos vai en aumento. Os galegos e galegas con estudos superiores que emigraron a outras partes de España foron un 15 % máis que o ano 2021. En un lustro o incremento supera xa o 21 % de persoas que decidiron traballar fóra da nosa terra .

Sen embargo Galicia non atrae na mesma medida a profesionais con títulos universitarios, solo 4.000 no último ano, é dicir a metade dos que marchan. Son datos de contratados do Instituto Galego das Cualificacións dependente da Consellería de Promoción do Emprego.

Galicia perdeu o ano pasado unha masa laboral de 7.730 persoas, sen contar os que se marchan ao estranxeiro, un déficit que ademais duplica o saldo negativo de 3.600 que se contabilizaba en 2021. Entre os que abandonan o mercado laboral galego, unha cuarta parte son titulados universitarios. Tamén marcharon a traballar a outras comunidades 7.689 titulados de Bacharelato e 3.759 con estudos de FP e emigraron 8.140 traballadores e traballadoras cualificadas na agricultura e pesca.

O ano pasado fóronse a traballar a outras partes do noso país un total de 6.575 técnicos e profesionais científicos e intelectuais. Por este motivo, dende o noso grupo parlamentarios solicitamos que Goberno autonómico consolide unha



carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador equivalente á dos países máis avanzados. Ademais de aumentar os recursos, a Xunta de Galicia debe garantir o cambio xeracional e a atracción e retención de talento, así como garantir o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes no eido científico.

Detrás destes datos non só existe un problema laboral ou económico, senón tamén demográfico. O 76 % das persoas traballadoras que abandonan Galicia para traballar noutras partes de España teñen menos de 45 anos. O pasado ano marcharon case 12.000 de vinte anos e 13.600 profesionais entre 30 e 44 anos, en total 25.600 galegos e galegas. Unha das razóns que apuntan os expertos para explicar a fuga de talento é o desaxuste entre a oferta e a demanda de este tipo de persoas traballadoras.

A Xunta de Galicia ten que elaborar urxentemente un plan para a retención de todas estas persoas mozas que marchan a traballar fora da nosa terra, porque de seguir, sen tomar ningunha medida, o problema demográfico de moitas vilas da nosa comunidade será irreversible.

Galicia perde cada vez máis capital humano cualificado, mentres as empresas quéixanse de que non atopan man de obra formada. E a maiores, a fuga de talento supón desperdiciar recursos públicos en formar capital humano que logo marcha fora.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten pensando o Goberno galego elaborar un plan de retención de talento, dotado dunha partida orzamentaria suficiente para implimentalo urxentemente, onde colabore o tecido empresarial da nosa comunidade autónoma e as tres universidades galegas?

Santiago de Compostela, 3 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/03/2023 13:52:12

Noelia Otero Lago na data 03/03/2023 13:52:21

Martín Seco García na data 03/03/2023 13:52:30



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O Plan de prevención de incendios leva anos sendo elaborado unilateralmente pola Xunta de Galicia, segundo denuncian membros do Consello Forestal.

Entre elas están as organizacións sociais que detectaron fallos e eivas que afectan ao normal funcionamento na aplicación do Pladiga, como é o caso do conxunto do plano de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia que afectan gravemente ao patrimonio natural, a economía e ao conxunto da sociedade do país, sen que a Xunta de Galicia busque alternativas reais a situación na que se encontra a nosa comunidade autónoma en relación e esta lacra.

A crise climática global obriga a que se adopten medidas co fin de que o operativo de prevención e extinción se poida expandir e contraer en función das necesidades reais que se produzan en cada momento e para iso necesítanse medios materiais e técnicos pero tamén un servizo de prevención e extinción profesional, único e estable.

Hai unha falla de vixilancia as 24 horas do día en días de perigo alto de incendio con moitas zonas de sombra, hai incendios que cando se sabe deles xa teñen unhas dimensións considerables cun maior risco de propagación, maior risco para as persoas e os bens, incremento dos custes de extinción.



Non se poden ter pechadas casetas/torretas de vixilancia estratéxicas para unha axeitada protección dos ecosistemas forestais substituíndo estes puntos de vixilancia con profesionais exclusivamente por cámaras. A vixilancia ao traveso dos postos fixos segue sendo o mellor e máis eficaz método de detección e prevención de incendios. Os vixiantes son habitualmente da zona onde realizan o seu traballo e coñecen os lugares e teñen unha gran experiencia na detección inmediata e a interpretación da vexetación que está ardendo inicialmente así como os accesos máis doados para os medios de extinción.

Non se cobren tódalas baixas do persoal de prevención e extinción propias (brigadas da Xunta de Galicia tanto fixos como fixos-descontinuos), moitas brigadas día tras día só entran con dous ou tres compoñentes ou incluso 1 só compoñente, a media debe de ser de cinco brigadistas/bombeiros forestais como mínimo por brigada para garantir a operatividade e a protección tanto dos compoñentes das brigadas de extinción-prevenición como para a protección da colectividade e dos ecosistemas.

Baixas de axentes forestais sen cubrir (Distritos Forestais onde tiña que haber entre 20-23 axentes ambientais/axentes forestais só están operativos para traballos de prevención-extinción de incendios 14-15 axentes) isto afecta directamente a eficacia do operativo de prevención-extinción de incendios, maior carga de traballo, suspensión de vacacións, incumprimento da lexislación existente en canto a compatibilización da vida laboral e familiar, maior perigo para os ecosistemas forestais de Galicia por unha menor protección, maior tempo de reacción diante dos incendios e menor eficacia por non poder realizar as labores propias destes profesionais por falla de persoal.

Detéctase a falla dun “plano de emerxencias de incendios forestais integral”, plano que debe contar cun “mapa de medios e recursos” dispoñibles para axudar na loita contra os incendios forestais cando se precisa e cando se



producen. A falla deste mapa de medios e recursos fai que se produzan desprazamentos de medios dos servizos forestais a máis de 100 quilómetros dentro da provincia mentres a carón de onde se produce o incendio forestal (5-15 minutos) hai autobombas ou maquinaria parada, infrautilizada.

É preciso optimizar os medios e recursos públicos dispoñibles con elo melloraremos a operatividade, melloraremos o tempo de reacción, melloraremos a extinción dos incendios e minimizaremos os efectos dos mesmos cando se produzan.

Non é certo que haxa 7.000 persoas no operativo de extinción de incendios forestais de Galicia pois moitas das persoas que din estar operativas na realidade non están a disposición ou sinxelamente son prazas vacantes ou baixas sen cubrir.

Incumprimento e falla de coñecemento, do persoal asignado ao Pladiga, do Plan de Prevención de Riscos Laborais e dos Plans de Acción a levar adiante nos servizos forestais públicos da Xunta de Galicia. Tanto ao Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais como aos Distritos Forestais tense solicitado de palabra e por escrito o cumprimento da normativa de aplicación.

Na maioría dos Distritos Forestais non hai reunións para cando menos analizar os erros que se producen, buscar a forma de mellorar a operatividade e funcionamento do distrito, coordinar os propios medios con que conta a Consellería, coordinarse axeitadamente con outros medios que integran o operativo Pladiga non se respectan a distintas estruturas operativas do distrito nin as funcións de cada un dos seus integrantes. Na ampla maioría dos casos funciónase por inercia e sen un obxectivo claro. Distritos onde non hai ningunha reunión ao longo de todo o ano. Sen unificar criterios na xestión do persoal propio, organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de



coordinación, estrutura e funcionamento dos distritos forestais. 5 distritos forestais por provincia, 19 distritos forestais en Galicia, 19 territorios que funcionan cada un a súa maneira sen protocolos claros e sen unificación dos criterios máis básicos.

Os traballos de prevención de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, desbrouzados, faixas de xestión de biomasa...), non se realizan ao seu debido tempo. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xullo de cada ano.

Falla de divulgación do Pladiga entre os propios integrantes que teñen que cumprir este protocolo de actuación, o Pladiga presentado tódolos anos no Consello Forestal de Galicia e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, non deixa de ser un plano mediático pois unha boa parte do operativo de prevención e extinción de incendios forestais non o coñece, non se coñecen as funcións, responsabilidades que cada un dos colectivos ten, obxectivos, prioridades non resulta doado cumprir un plano cando non se da a coñecer ao conxunto das persoas e colectivos que participan no mesmo.

É imprescindible que a Administración galega presente o Pladiga ante o Consello Forestal, órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Xunta de Galicia e canle de participación da sociedade galega co fin de que se incorporen as achegas que realicen os participantes do mesmo e se consensúe o plan de prevención e defensa contra incendios.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai a ser presentado o borrador do Pladiga ó Consello Forestal?



2. Como se vaia planificar o proceso de achegas ao Consello Forestal polos membros do mesmo?
3. Cando prevé o Goberno galego levar o Pladiga ó Consello da Xunta de Galicia?
4. Vai o Goberno galego a informar da constitución das Bases de Unidade Operativa (BUO) ao Consello Forestal?
5. E sobre o cronograma de implementación dos novos sistemas operativos de extinción de incendios?

Santiago de Compostela, 3 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/03/2023 17:54:10

Martín Seco García na data 03/03/2023 17:54:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o PRUX do Parque natural Fragas do Eume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos máis de 15 anos desde a declaración das Fragas do Eume como Parque natural, no ano 2014 iníciase a tramitación do PRUX, e non é até o ano 2018 cando se procede á súa información pública, paralizándose posteriormente a súa tramitación até novembro do ano 2022, cando se activa un novo proceso de participación pública.

Durante todo este tempo de inacción culpábel por parte da Xunta de Galiza, os principais ecosistemas do parque natural polos seus valores naturais víronse moi afectados, fundamentalmente debido á fragmentación do hábitat producida pola intensa actividade forestal vencellada ás plantacións de eucalipto de interese comercial e ás súas actividades de explotación que se veñen levando a cabo desde os anos 50 do século pasado.

Cabe sinalar que durante os anos transcorridos nin a veciñanza nin os organismos afectados, nin as asociacións con interese lexítimo, foron informadas sobre o estado ou sorte da tramitación do PRUX, sendo de salientar que o novo documento posto a información pública non incorpore nin dea resposta ás alegacións presentadas ao borrador do ano 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido a falta de interese da Xunta de Galiza por garantir un axeitado proceso de información pública plásmase na forma na que se levou a cabo o propio proceso participativo, o que resulta inadmisíbel de todo de punto de vista, e máis aínda tendo en conta que logo se fan 25 anos do inicio do proceso.

Á espera de coñecer o texto definitivo aprobado polo Consello da Xunta e dado que non hai noticias sobre a modificación do proxecto inicial debemos criticar varias cuestións que consideramos básicas.

Da modificación da zonificación que este proxecto introduce respecto do anterior resulta unha redución da zona de máxima protección, que apenas representa o 3,34% do territorio do Parque Natural.

O cambio de política sobre usos e aproveitamentos, nomeadamente os forestais, debe ser protagonizado pola Xunta de Galiza, asumindo os custes das necesarias transformacións para asegurar o éxito do Plan, evitando que o custe teña que ser soportado polas persoas propietarias do parque que a día hoxe representan o 80% da superficie.

O proxecto de Decreto conta cun programa económico–financeiro ao que se lle asignan para os próximos 10 anos unha cantidade total de 2.007.000€, que significan 200.000€ anuais de media, unha cifra semellante á que actualmente a Xunta de Galiza destinada á xestión do parque natural. Este continuísmo no compromiso e previsión de gasto, igual que no que a persoal se refire, deixa en evidencia as declaracións de intencións que o proxecto contén, converténdoo en papel mollado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece a Xunta de Galiza a situación de abandono e progresivo deterioro do Parque Natural?

. Ten pensado a Xunta de Galiza, en exercicio das súas competencias, adquirir parcelas do Parque Natural?

. Como pode a Xunta de Galiza promover un cambio real nos usos e aproveitamentos do Parque sen aumentar a dotación económica nin o persoal do Parque Natural?

. Por que a Xunta de Galiza nunca contestou as alegacións presentadas polas partes afectadas ou interesadas no tramitación do PRUX?

. Como xustifica a Xunta de Galiza a redución da zona de máxima protección con respecto ao anterior proxecto de PRUX?

. Dispón a Xunta de Galiza de obxectivos ou expectativas da súa política no Parque das Fragas do Eume? Cales son?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 06/03/2023 10:04:24

Paulo Ríos Santomé na data 06/03/2023 10:04:28

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2023 10:04:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 a Xunta asinou un convenio co Concello de Valga para a recuperación do Punto Limpo de Valga, logo de varios anos en estado de absoluto abandono.

Segundo a publicación do DOG do 31 de xaneiro de 2023, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos durante o terceiro cuadrimestre do ano 2022, o obxecto do convenio foi o seguinte: Instrumentar o outorgamento dunha subvención directa de carácter singular ao Concello de Valga, destinada a sufragar parcialmente a recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e punto limpo de Valga. A dotación económica do convenio foi de 65.334 euros.

Malia a obriga legal de dar publicidade aos convenios que asina a Xunta, e aínda que a data da sinatura do contrato é o 7 de setembro de 2022, este documento non figura no Rexistro de convenios de Galiza.

Segundo se deriva do Rexistro de contratos de Galiza, o Concello de Valga adxudicou o 30 de setembro de 2022 á empresa Restauración del Hábitat y Medio Ambiente Caamaño o “Contrato de servizos para o baleirado, limpeza e recuperación da plena recuperación da Planta de Residuos da Construción e Derrubes e Punto Limpo de Valga” na cantidade de 33.440 euros e un prazo de execución de 11 días. Segundo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

información recollida nos medios de comunicación, os traballos leváronse a cabo a comezos de outubro de 2022.

Este grupo non ten coñecemento das previsións da Xunta en relación co cumprimento do convenio asinado entre a Consellaría de Medio Ambiente e o Concello de Valga.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que actuacións se levaron a cabo ao abeiro do convenio asinado pola Consellaría de Medio Ambiente e o Concello de Valga para recuperación da plena funcionalidade da planta de xestión de residuos e punto limpo de Valga e cal foi o custo das actuación realizadas?

Que criterios utiliza a Xunta para a colaboración cos concellos en relación coas plantas de residuos e puntos limpos?

Cal é a situación actual do citado punto limpo e da planta de xestión de residuos?

Que previsións ten a Xunta en relación coas funcións e usos desta Planta de xestión de residuos e Punto Limpo?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2023 13:04:45

Paulo Ríos Santomé na data 06/03/2023 13:04:47

Alexandra Fernández Gómez na data 06/03/2023 13:04:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

O uso de sustancias químicas (especialmente fitosanitarias) asociado á proliferación descontrolada de plantacións de viñedo na zona do Salnés nos últimos anos está a causar molestias e riscos para a saúde de moitos veciños. En particular, a técnica de espallamento con atomizadores a moita presión que expulsan os activos químicos a unha altura desmesurada implica a dispersión desas sustancias polas fincas e vivendas dos veciños, co agravante de que se está a incrementar progresivamente o uso de sulfatos, chegando ata 20 aplicacións cada ano.

As protestas dos veciños afectados non atoparon receptividade por parte da Administración autonómica. Non existe unha normativa axeitada que regule este tipo de situacións e tampouco constan controis do uso deste tipo de sustancias nin dos seus efectos sobre cursos de auga, fontes e acuíferos, a pesar do seu carácter potencialmente tóxico.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai adoptar o Goberno de Galicia medidas de control do uso de sustancias químicas asociadas ao cultivo de viñedos na zona do Salnés?



2ª) Considera a Xunta de Galicia que existe unha regulación axeitada do uso de sustancias químicas asociadas ao cultivo de viñedos en Galicia?

3ª) É consciente a Xunta de Galicia do risco para a saúde dos veciños e veciñas e para o medio ambiente derivado do uso de sustancias químicas asociado ao cultivo de viñedos na zona do Salnés?

4ª) Está levando a cabo o Goberno de Galicia controis dos efectos do uso de sustancias químicas asociado ao cultivo de viñedos na zona do Salnés tanto desde o punto de vista da saúde como do medio ambiente?

5ª) Cumpre o uso de produtos fitosanitarios asociado ao cultivo de viñedo na zona do Salnés o disposto nos artigos 30 e seguintes do RD 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios relativos á prevención da contaminación de augas e os valores de referencia aos que alude o artigo 54 da mesma norma?

6ª) Cales son os datos dos que dispón o Goberno de Galicia sobre os efectos do uso de sustancias químicas asociado ao cultivo de viñedos nos cursos de auga, fontes e acuíferos da zona do Salnés?

7ª) É consciente o Goberno de Galicia da expansión descontrolada que está a ter o viñedo na zona do Salnés nos últimos anos, que inclúe o aterrazamento de montes co impacto ambiental que iso implica?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2023 13:53:09
Nº Rexistro: 50968
Data envío: 06/03/2023 13:53:09.876

Pablo Arangüena Fernández na data 06/03/2023 13:42:28

Paloma Castro Rey na data 06/03/2023 13:42:44

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2023 13:42:58

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
185021

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

A mediados do pasado mes de febreiro coñeciamos os efectos, na provincia de Lugo, dos temporais dos meses de decembro de 2022 e de xaneiro de 2023, que a Xunta de Galicia non dera a coñecer antes, posiblemente porque os novos correntamentos de terra e desprazamentos da calzada non deixan en bo lugar a súa xestión na estrada autonómica LU-651, vía fundamental para a comarca do Courel.

A mala situación detectada nos km. 18,28 e 29 da LU-651 están a precisar novas obras de reparación, con cortes que obrigan aos vehículos pesados a facer un tramo alternativo cun rodeo de 30 km, coas molestias e o incremento de custe que isto supón.

A actual situación pon de manifesto que a Xunta de Galicia non fai as obras de mantemento precisas para garantir o bo estado das súas estradas nin tampouco actúa con dilixencia cando se producen deterioracións graves.

O afundimento de 200 metros de firme, en marzo do ano pasado, nesta mesma estrada autonómica ocasionou un corte que se prolongou durante 4 meses, e ademais a Xunta de Galicia tardou 44 días en artellar un desvío alternativo.

A historia da LU-651 é un resumo da pésima xestión viaria da Xunta de Galicia.



A actual alcaldesa anunciaba no ano 2010 que a Xunta de Galicia tiña a intención de reactivar as obras, pero o certo é que só se traballou no papel, xerando titulares de prensa, anuncios e promesas, sen asumir ningunha obra concreta.

En abril do ano 2015, ante unha iniciativa do PSdeG no Parlamento de Galicia, o Goberno galego aseguraba que faltaba por redactar o proxecto de acondicionamento e mellora da estrada LU-651 entre Folgoso do Courel e Seoane, polo tanto, dando a entender que non existía ningún proxecto de mellora no ano 2010, a pesares dos anuncios en prensa. Anuncios, medias verdades e titulares de prensa, pero a única realidade é que a estrada segue sen facer.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Que prazos manexa a Xunta de Galicia de cara a arranxar a estrada autonómica LU-651, de Folgoso a Quiroga, afundida en marzo de 2022, para mellorar o seu trazado, dotala de muros de contención, elementos de sinalización e de seguridade propios dunha vía das súas características?
2. Cando vai a Xunta de Galicia a cumprir os numerosos anuncios feitos no relativo ao acondicionamento e ampliación da estrada entre Seoane e Folgoso do Courel?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2023 13:55:20
Nº Rexistro: 50975
Data envío: 06/03/2023 13:55:20.298

Patricia Otero Rodríguez na data 06/03/2023 13:19:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2023 13:19:55

Eduardo Ojea Arias na data 06/03/2023 13:20:09

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
185024

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noa Díaz Varela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Existe entre os docentes e dende hai tempo xa un sentimento e malestar xeneralizado de que o seu labor céntrase cada vez máis na realización de tarefas burocráticas que na xestión do proceso de ensino-aprendizaxe. Unha percepción que fai xerar desmotivación e rexeitamento cara estas tarefas.

Esta cuestión xunto aos recortes nestes tempos de tanta dificultade denunciada en moitos centros con problemáticas delicadas, aumento de casos por condutas suicidas, aumento da incidencia de situacións relacionadas coa saúde mental na infancia e mocidade que están a ser afrontados pola vontade, profesionalidade e entrega das e dos docentes pero a costa dun nivel de estrés e sobrecarga horaria que non pode seguir obviando a Consellería de Educación. Esta sensación de carga burocrática que xa ven de atrás viuse incrementada coa xestión asociada ao estado coa pandemia, primeiro o estado de alarma, confinamento e a convivencia do sistema educativo coa pandemia. Para lograr que o sistema educativo funcione adecuadamente débese contar co número necesario de profesionais, e que estes estean motivados e cualificados. Entre as principais demandas do profesorado galego está tamén a redución do horario lectivo, demanda que ten sido respondida na maior parte das comunidades autónomas, quedando Galicia entre as única catro que aínda manteñen esta débeda.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan presentan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o número de alumnado e profesorado da provincia de A Coruña por centros diferenciados en canto á súa titularidade –públicos, concertados e privados- e cursos no caso do alumnado, correspondente ás etapas de Educación Infantil, E. Primaria, E. Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional (por ciclos e especialidades) e de diversidade funcional en cada etapa?
2. Cal é o cadro de profesorado á fronte dos departamentos de orientación en centros públicos e concertados na provincia de A Coruña detallado por centros e etapas (mestres en infantil e primaria nestas etapas; do corpo de profesores de Psicoloxía e Pedagogía nas demais); así mesmo número de profesorado substituto e interino á fronte de departamentos de orientación?
3. Cal é o alumnado por centros, etapas e cursos que fan uso do servizo de transporte escolar na provincia de A Coruña?
4. Cal é o alumnado beneficiario e usuario do servizo de comedor escolar na provincia de A Coruña?
5. E o alumnado matriculado en Formación Profesional Básica e Formación Profesional Dual en cada un dos centros da provincia de A Coruña?
6. Cal é a listaxe dos Consellos Escolares Municipais constituídos na provincia de A Coruña?

Santiago de Compostela, 6 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 06/03/2023 15:56:37





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50984
Data envío: 06/03/2023 16:10:17.798

Pablo Arangüena Fernández na data 06/03/2023 15:56:45

Martín Seco García na data 06/03/2023 15:56:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2023 15:57:08

Noa Susana Díaz Varela na data 06/03/2023 15:57:17

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
185027

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Existe entre os docentes e dende hai tempo xa un sentimento e malestar xeneralizado de que o seu labor céntrase cada vez máis na realización de tarefas burocráticas que na xestión do proceso de ensino-aprendizaxe. Unha percepción que fai xerar desmotivación e rexeitamento cara a estas tarefas. Esta cuestión xunto aos recortes nestes tempos de tanta dificultade denunciada en moitos centros con problemáticas delicadas, aumento de casos por condutas suicidas, aumento da incidencia de situacións relacionadas coa saúde mental na infancia e mocidade que están a ser afrontados pola vontade, profesionalidade e entrega das e dos docentes pero a costa dun nivel de estrés e sobrecarga horaria que non pode seguir obviando a Consellería de Educación. Esta sensación de carga burocrática que xa ven de atrás viuse incrementada coa xestión asociada ao estado coa pandemia, primeiro o estado de alarma, confinamento e a convivencia do sistema educativo coa pandemia. Para lograr que o sistema educativo funcione adecuadamente débese contar co número necesario de profesionais, e que estes estean motivados e cualificados. Entre as principais demandas do profesorado galego está tamén a redución do horario lectivo, demanda que ten sido respondida na maior parte das comunidades autónomas, quedando Galicia entre as únicas catro que aínda manteñen esta débeda.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o número de alumnado e profesorado da provincia de Lugo por centros diferenciados en canto á súa titularidade –públicos, concertados e privados- e cursos no caso do alumnado, correspondente ás etapas de Educación Infantil, E. Primaria, E. Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional (por ciclos e especialidades) e de diversidade funcional en cada etapa?
2. Cal é o cadro de profesorado á fronte dos departamentos de orientación en centros públicos e concertados na provincia de Lugo detallado por centros e etapas (mestres en infantil e primaria nestas etapas; do corpo de profesores de Psicoloxía e Pedagogía nas demais); así mesmo número de profesorado substituto e interino á fronte de departamentos de orientación?
3. Cal é o alumnado por centros, etapas e cursos que fan uso do servizo de transporte escolar na provincia de Lugo?
4. Cal é o alumnado beneficiario e usuario do servizo de comedor escolar na provincia de Lugo?
5. E o alumnado matriculado en Formación Profesional Básica e Formación Profesional Dual en cada un dos centros da provincia de Lugo?
6. Cal é a listaxe dos Consellos Escolares Municipais constituídos na provincia de Lugo?

Santiago de Compostela, 6 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50986
Data envío: 06/03/2023 16:10:51.033

Noelia Otero Lago na data 06/03/2023 15:58:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2023 15:59:00

Patricia Otero Rodríguez na data 06/03/2023 15:59:12

Noa Susana Díaz Varela na data 06/03/2023 15:59:23

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
185030

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Gonzalo Caballero Miguez, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Existe entre os docentes e dende hai tempo xa un sentimento e malestar xeneralizado de que o seu labor céntrase cada vez máis na realización de tarefas burocráticas que na xestión do proceso de ensino-aprendizaxe. Unha percepción que fai xerar desmotivación e rexeitamento cara a estas tarefas. Esta cuestión xunto aos recortes nestes tempos de tanta dificultade denunciada en moitos centros con problemáticas delicadas, aumento de casos por condutas suicidas, aumento da incidencia de situacións relacionadas coa saúde mental na infancia e mocidade que están a ser afrontados pola vontade, profesionalidade e entrega das e dos docentes pero a costa dun nivel de estrés e sobrecarga horaria que non pode seguir obviando a Consellería de Educación. Esta sensación de carga burocrática que xa ven de atrás viuse incrementada coa xestión asociada ao estado coa pandemia, primeiro o estado de alarma, confinamento e a convivencia do sistema educativo coa pandemia. Para lograr que o sistema educativo funcione adecuadamente débese contar co número necesario de profesionais, e que estes estean motivados e cualificados. Entre as principais demandas do profesorado galego está tamén a redución do horario lectivo, demanda que ten sido respondida na maior parte das comunidades autónomas, quedando Galicia entre as únicas catro que aínda manteñen esta débeda.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o número de alumnado e profesorado da provincia de Pontevedra por centros diferenciados en canto á súa titularidade –públicos, concertados e privados- e cursos no caso do alumnado, correspondente ás etapas de Educación Infantil, E. Primaria, E. Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional (por ciclos e especialidades) e de diversidade funcional en cada etapa?
2. Cal é o cadro de profesorado á fronte dos departamentos de orientación en centros públicos e concertados nas provincias da Comunidade autónoma detallado por centros e etapas (mestres en infantil e primaria nestas etapas; do corpo de profesores de Psicoloxía e Pedagogía nas demais); así mesmo número de profesorado substituto e interino á fronte de departamentos de orientación en cada unha das provincias?
3. Cal é o alumnado por centros, etapas e cursos que fan uso do servizo de transporte escolar na provincia de Pontevedra?
4. Cal é o alumnado beneficiario e usuario do servizo de comedor escolar na provincia de Pontevedra?
5. E o alumnado matriculado en Formación Profesional Básica e Formación Profesional Dual en cada un dos centros da provincia de Pontevedra?
6. Cal é a listaxe dos Consellos Escolares Municipais constituídos na provincia de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 6 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50988
Data envío: 06/03/2023 16:11:16.845

Noelia Otero Lago na data 06/03/2023 16:04:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/03/2023 16:04:49

Paloma Castro Rey na data 06/03/2023 16:04:59

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2023 16:05:08

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/03/2023 16:05:17

Noa Susana Díaz Varela na data 06/03/2023 16:05:26

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
185033

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Carmen Rodríguez Dacosta e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Os datos de mobilidade laboral de Galicia con respecto ao resto do Estado no 2022 son preocupantes. Mentres nese ano en Galicia entraron 25.763 traballadores e traballadoras procedentes doutras comunidades autónomas, saíron 33.493 galegos e galegas para traballar no resto de España, polo que Galicia perdeu máis de sete mil traballadores de forma neta no 2022. Especificamente resulta rechamante o incremento de galegos e galegas que foron traballar fóra da comunidade en 2022 con respecto ao número de saídas de 2021.

De xeito desagregado, detéctase ademais que 8.257 traballadores e traballadoras galegas con titulación universitaria foron traballar ao resto de España, mentres só 4.064 traballadores e traballadoras con titulación universitaria entraron en Galicia procedentes doutras comunidades, segundo os datos do Instituto de Cualificación vinculado á Consellería de Promoción do Emprego e da Igualdade.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que política económica vai tomar o goberno da Xunta para conseguir que máis galegos e galegas queden traballar en Galicia, cando os resultados de mobilidade laboral implican unha maior saída de traballadores e traballadoras galegas cara a outras comunidades autónomas españolas?

Santiago de Compostela, 6 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/03/2023 17:12:10

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/03/2023 17:12:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2023 17:12:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Dende a Federación Galega de Piragüismo solicitouse á Xunta de Galicia a construción dun canal de piragüismo slalom augas bravas, no lugar de Encoro, parroquia de Bora (Santa Mariña), no concello de Pontevedra, (Pontevedra), a actuación pretendida era a seguinte:

- Unha derivación de caudal máximo de 173,89 Hm3/ano do encoro de Bora, situado no río Lérez. O caudal máximo instantáneo serían 8000 l/s.
- Unha canle a construír na marxe dereita do río Lérez, augas abaixo do encoro de Bora, sería de sección trapezoidal de escolleira formigonada, dunha lonxitude de 200- 250 m, cunha anchura 8-10 m e profundidade de 1,0 m. Nas marxes da canle construíranse accesos de 3 m.
- E unha construción de acceso á canle dende a estrada PO-224 duns 300 m de lonxitude .

Dende o Servizo Provincial de Patrimonio Natural informouse desfavorablemente, por entender que estas actuacións resultan incompatibles cos obxectivos de conservación do espazo e por afectar ao estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade.

Estes motivos foron impugnados pola federación galega de piragüismo sen que a data de hoxe obtiveran resposta algunha por parte do Goberno



Dende o Grupo Socialista defendemos a conservación dos ríos e a súa biodiversidade pero tamén que isto ten que ser compatible coa práctica de deportes acuáticos coma se está a facer en moitos lugares de España e Europa, e máis no caso de Pontevedra que é o municipio do mundo con mais índice de piragüistas por persoa e berce de moitos e moitas referentes olímpicos.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto este goberno resolver as alegación formuladas pola federación galega de piragüismo ao escrito que desestima a solicitude dun canal de slalom no termo municipal de Pontevedra?
2. Vai cumprir este goberno o compromiso electoral de dotar a Pontevedra dun canal de slalom?

Santiago de Compostela, 6 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/03/2023 14:03:25

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2023 14:03:33

Pablo Arangüena Fernández na data 06/03/2023 14:03:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

O pasado venres 3 de marzo cando os profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Ribadeo chegaron aos seus postos de traballo observaron como se derrubara un falso teito que caeu na zona do oco das escaleiras interiores, ocasionado pola acumulación de moitos quilos de excrementos de pombas.

O acontecido nas instalacións do Centro de Saúde de Ribadeo, froito do seu abandono é un exemplo máis da desidia da Xunta de Galicia en materia sanitaria. Moito anunciar e publicitar o novo centro de saúde na vila pero, pola contra, o actual carece dos medios profesionais e materiais necesarios para atender con calidade aos usuarios e usuarias.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que está a realizar un correcto servizo de mantemento no Centro de Saúde de Ribadeo?
2. Tendo en conta que a acumulación de excrementos que ocasionou o derrube foi froito de moitos anos, non considera o Goberno galego que cun axeitado mantemento do Centro de Saúde de Ribadeo esta situación de desperfectos non se tería dado?



3. Vai a Xunta de Galicia elaborar un informe sobre as causas do derrube do falso teito no Centro de Saúde de Ribadeo?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 06/03/2023 17:29:15

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2023 17:29:36

Marina Ortega Otero na data 06/03/2023 17:29:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de evitar a afectación ambiental e patrimonial no Monumento Natural Costa protexida de Dexo (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo parlamentar do BNG quere deixar constancia nesta cámara da súa preocupación pola información publicada na páxina web da entidade privada organizadora do IX Costa-Trail de Oleiros, unha carreira pedestre de montaña, de iniciativa privada, que se celebrará o vindeiro 26 de marzo a través do Monumento Natural Costa protexida de Dexo (Oleiros) e que convocará uns 350 participantes.

Como o seu nome indica, estamos a falar dun espazo natural identificado como Zona de Especial Conservación (ZEC) Rede Natura Costa de Dexo, catalogado ademais como Monumento Natural e Zona de Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, espazo que se ve ameazado por unha proba deportiva altamente invasiva e absolutamente incompatible coa conservación dos valores polos que foi declarado espazo protexido.

Os 350 participantes correrán a través dun espazo natural sensíbel que posúe patrimonio colectivo (Castro das Rozas), para alén dunha importante e diversa reserva de flora e fauna, así como perante unha zona de referencia de colonias de aves mariñas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na Galiza, que alberga 82 especies de aves, 57 das cales son especies que aniñan, nomeadamente na especie de corvo mariño cristado.

Unha situación que está a contradicir o Plan director da Rede Natura 2000 de Galiza, cando indica no artigo 61.3, relativo á Normativa Xeral aplicable ao uso público e actividades deportivas nos espazos Rede Natura que só serán autorizábeis nestes espazos as devanditas probas cando *“non leven consigo afeccións apreciables sobre o estado de conservación dos hábitats ou das especies de flora e fauna silvestre”*.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- É coñecedor o goberno da celebración do IX Costa-Trail de Oleiros?
- Comunicóuselle á Xunta o percorrido completo da proba?
- Solicitoulle a empresa organizadora ao goberno a autorización para desenvolver esta carreira pedreste a través do Monumento Natural Costa protexida de Dexo (Oleiros)?
- Concedeulle a Xunta a devandita autorización?
- Entende a Xunta que esta proba é compatíbel e respectuosa coa catalogación desta zona como Monumento Natural da Costa de Dexo?
- Emitiron informes a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Cultura á vista da especial sensibilidade da zona do punto de vista ambiental e patrimonial?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Á vista da afectación sobre o patrimonio cultural e natural desta zona protexida, que medidas vai activar a Xunta? Vai demandar a inmediata suspensión da actividade priorizando a protección das especies, moitas delas en pleno período de aninamento?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/03/2023 10:27:22

Xosé Luis Bará Torres na data 07/03/2023 10:27:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao parque eólico Monteagudo, nos concellos de Carballo, Arteixo e A Laracha.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque eólico Monteagudo afecta aos concellos de Arteixo, A Laracha e Carballo. O proxecto deste parque iniciouse no 2002, fai máis de vinte anos, e foi obxecto de numerosas modificacións até a súa aprobación definitiva en febreiro de 2016.

Este parque contará finalmente con 5 aeroxeradores e potencia de 20,88 kW, dos cales 4 serán instalados no concello de Carballo. Inicialmente proxectáranse 7 aeroxeradores, que após unha modificación substancial, ficaron nos que constan no proxecto definitivo, pero que, en calquera caso, son estruturas de máis potencia e altura que os iniciais.

A evacuación de enerxía farase a través da Liña Alta Tensión (LAT) que une a subestación de Monteagudo coa subestación de Morás. Unha liña aéreo-soterrada de 13 Km de lonxitude, que transcorre polos termos municipais de Carballo, A Laracha e Arteixo. Proxecto de LAT que se tramitou por separado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto do Parque Empresarial Monteagudo contaba cunha Declaración de Impacto Ambiental favorábel, publicado no DOG do 21 de febreiro do 2013, e após as modificacións operadas no proxecto inicial, coa DIA de 18 de xaneiro de 2023.

Malia esa DIA favorábel, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego hai determinadas cuestións nas que é imprescindible incidir e que xustificarían os pedimentos recollidos na parte resolutiva da presente Proposición Non de Lei.

A primeira e máis importante, é como vai afectar este parque á vida das persoas que residen na zona próxima á instalación de infraestruturas e aeroxeradores.

Sobre todo, cando un dos aeroxeradores, concretamente o A1.1, se atopa a menos de 500 metros da vivenda máis próxima, situada no lugar de Carballedo, que non está recollido no planeamento. Ese aeroxerador está planeado na área continua de ordenación, co que entraría en clara colisión co ámbito do Plan de Ordenación do Litoral.

No proxecto delimitase a zona de solo rústico de protección de infraestruturas, cuxa regulación legal conleva que os usos nesa área quedarán vinculados ao propio parque eólico, sen que se poda realizar nesa superficie ningún outro uso ou aproveitamento forestal.

É tamén importante sinalar que o parque se sitúa no ámbito do Lugar de Especial Interese Paisaxístico Lagoa de Baldaio, vulnerando o Catálogo da Paisaxe e a propia Lei de Paisaxe.

Así mesmo, a poligonal que se sitúa no Concello de Carballo atópase en solo rústico de especial protección da paisaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este parque tamén terá un forte impacto sobre o patrimonio cultural da zona, afectando a elementos sobre todo arqueolóxicos, sen que as posíbeis medidas correctoras e protectoras o poidan mitigar ou eliminar.

Ademais, a incidencia visual dos aeroxeradores, verase incrementada polo efecto sinérxico doutros parques eólicos en funcionamento (ou en tramitación) na zona, afectando de xeito destacado á vila de Caión, a súa contorna e á propia praia de Baldaio, miradoiros e núcleos de poboación próximos.

A incidencia deste parque para a paisaxe e para as persoas será maior tamén polo efecto sinérxico da LAT Montegaudo-Morás. Unha infraestrutura que está moi próxima a outras liñas preexistentes, que deberían terse en conta para evitar duplicidade de trazados, posíbeis afeccións e impactos innecesarios sobre o territorio e sobre o xeito de vivir das veciñas e veciños.

No proxecto da liña de evacuación do parque eólico Monteagudo non se avalía a distancia dos apoios da liña de alta tensión ás vivendas e núcleos de poboación. A poboación máis próxima á LAT ao seu paso polo Concello de Carballo é o núcleo de Borrazás. Despois de medir sobre plano a distancia entre o límite do núcleo e a liña, a menor distancia detectada é aproximadamente de 250 m ao contorno do núcleo.

Nin se avalía a afección da liña sobre a hidroloxía da zona. Tampouco se avalían as posibles afeccións da liña de alta tensión a ríos, e canto ás posibles interaccións por ocupación de terreo e destrución de hábitats, así como impedimento na continuidade de ecosistemas e de conectividade entre hábitats.

Polo que o impacto do Parque Eólico Monteagudo sobre a paisaxe, a fauna, os hábitats, a hidroloxía e as persoas vaise ver agravado pola sinerxía con outras infraestruturas como a LAT ou outros parques eólicos en tramitación ou en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento. O que fai lóxico e imprescindible unha avaliación ambiental conxunta de todos eses parques e infraestruturas asociadas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Considera o goberno galego que as modificacións no proxecto, e a aportación de nova documentación pola promotora, farían necesario abrir un novo procedemento de información pública?

- Considera o goberno galego que o coñecemento e acceso á documentación completa do expediente, incluída a nova aportada pola empresa tras as modificacións operadas, é importante para que as persoas interesadas poidan realizar alegacións en xeito e forma?

- Considera o goberno galego que o coñecemento dos informes sectoriais completos emitidos polos diferentes organismos sectoriais son relevantes para que as persoas interesadas poidan realizar alegacións en xeito e forma?

- Considera o goberno galego necesaria unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques e infraestruturas asociadas que conflúen na mesma zona que o de Monteagudo?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/03/2023 16:30:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/03/2023 16:31:10

Xosé Luis Bará Torres na data 07/03/2023 16:31:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e da deputada **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas para cubrir as prazas de pediatría no Centro de Saúde do Concello de Bueu.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros, de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sofre os recortes, as consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listaxes de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hoxe, a veciñanza de Bueu ten que soportar e sufrir a falta das profesionais de pediatría que lle pertence no Centro de Saúde, como consecuencia da falta de planificación, a precariedade laboral na atención primaria que alonxa ás profesionais do noso sistema público de saúde.

Ao igual que existen e deben existir as profesionais especializadas para tratar doenzas concretas, a saúde das crianzas deben ser atendidas por profesionais especializadas na súa saúde, xa que existen diferentes especificidades na saúde e nas doenzas das crianzas que deben ser atendidas de xeito específico.

Actualmente, o Centro de saúde de Bueu non conta coas 2 profesionais en pediatría que tiñan até o momento, facendo que a saúde e as doenzas das crianzas de Bueu teñan que ser atendidas ou ben acudindo ás urxencias hospitalarias en Pontevedra, co conseguinte aumento no volume das pacientes que deben atender e que pode provocar un empeoramento do servizo ou mesmo o colapso, ou que os pais e nais se vexan obrigadas a acudir á sanidade privada.

A Xunta de Galiza pretende resolver esta situación con parches, en forma de atención da pediatría por parte de persoal de enfermería ou en persoal médico non especializado na saúde e nas doenzas concretas das crianzas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a cobertura das prazas de pediatría no Concello de Bueu?.

. En que prazos se van a cubrir estas prazas con persoal médico especializado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A Xunta de Galiza é consciente das doenzas específicas das crianzas que deben ser atendidas por profesionais pediátricas?

. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para blindar a atención primaria e garantir a cobertura das prazas nos PAC?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 07/03/2023 17:53:46

María Montserrat Prado Cores na data 07/03/2023 17:53:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a declaración como Ben de Interese Cultural Inmaterial da Rapa das Bestas de Sabucedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O Rapa das Bestas das Bestas de Sabucedo é unha práctica cultural ancestral que foi recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2007.

Mais a Rapa ten un significado e simbolismo que vai máis alá do festivo e o turístico. É un sinal de identidade comunitario, unha tradición cargada de valores emocionais, unha expresión xenuína da relación entre o ser humano, as bestas e o medio natural.

A pervivencia desta tradición é un elemento diferencial da cultura galega, que pervive nalgúns zonas de Galiza (O Xistral, A Groba, A Capelada, A Groba, Amil, Sabucedo...), que compartimos con outros territorios con afinidades culturais como o Norte de Portugal. En canto ás bestas ou cabalos do monte hai outros territorios na cordilleira cantábrica e nas illas británicas que conservan sistemas de manexo e tradicións semellantes, o que nos fala dunhas afinidades e continuidades culturais que se remontan a épocas prehistóricas.

A pervivencia da tradición das bestas, garranos ou cabalos do monte está asociada a factores humanos, antropolóxicos, etnográficos, socioeconómicos, ecolóxicos e normativos. A falta de medidas de conservación, de promoción e impulso;



as dificultades administrativas para a súa conservación; o declive e despoboamento do rural; a ruptura das relacións entre a comunidade e o monte, a proliferación de usos intensivos e industriais no monte que destrúen e fracturan os hábitats e alteran os equilibrios ecolóxicos nos espazos nos que viven os cabalos son factores que provocan o descenso alarmante da poboación destes equinos e o retroceso que se está a producir en varias áreas xeográficas do noso país. Máis alá da perda de valores culturais e tradicións, non cuantificábel en termos materiais, este proceso é especialmente alarmante e preocupante polas súas consecuencias para a preservación da biodiversidade (ecosistemas e especies), a prevención do cambio climático ou a prevención de incendios.

2.A finais do ano 2002 publicouse na revista *Biodiversity and Conservation* un traballo asinado por Laura Lagos e Jaime Fagúndez, investigadores do grupo Biocost do Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) da UDC no que se sostén que:

- Os espazos abertos das montañas de Galiza están cubertos, en gran parte, por hábitats naturais recoñecidos pola Unión Europea e a súa existencia e pervivencia depende da presenza do cabalo salvaxe.

-O cabalo salvaxe é **o gran herbívoro mellor adaptado ao aproveitamento de breixeiras e turbeiras**, dous dos hábitats con maior interese pola súa biodiversidade en Galiza.

- A través da dieta, o cabalo salvaxe **limita o desenvolvemento da vexetación e favorece que sobrevivan especies de plantas sensibles**".

-Cambios no manexo dos cabalos salvaxes que limiten o seu comportamento natural **poden provocar un efecto negativo e irreversible na biodiversidade**.

-A construción de peches que limiten en exceso o uso libre do espazo e a transformación da vexetación en praderías alteran o comportamento dos animais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Os cabalos salvaxes son un **patrimonio único de Galiza moi arraigado na contorna rural**; o seu valor cultural, etnográfico, histórico e ecolóxico está directamente relacionado coa conservación da biodiversidade.

- A desaparición do sistema tradicional podería desembocar nun **problema ambiental de gran magnitude**.

3. No ano 2019 anunciouse a proposta de declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como Ben de Interese Cultural Inmaterial (BICI) ao abeiro do previsto na lei do patrimonio cultural de Galiza. Fíxose no marco dunha comparecencia que tivo lugar no Campo do Medio de Sabucedo, na que o conselleiro de Cultura se comprometeu a traballar de forma conxunta coa asociación Rapa das Bestas e o concello para acadar ese obxectivo. Nesa comparecencia tamén estaba presente Nava Castro, responsábel da Axencia de Turismo de Galicia.

No mes de xuño do ano 2021 a prensa facíase eco de novo da demanda de declaración da Rapa como BICI, unha iniciativa impulsada polo concello en colaboración coa Asociación Rapa das Bestas.

No mes de xaneiro de 2023 anunciouse de novo que o concello de A Estrada, en colaboración coa Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo, iniciou os trámites para a declaración da Rapa como Ben de Interese Cultural de carácter inmaterial. Este proceso comezou coa contratación dunha consultora que se encargará de reunir toda a documentación relacionada coa Rapa.

Tendo en conta os riscos e ameazas que se cernen sobre a Rapa, sobre os cabalos do monte e os ecosistemas nos que se desenvolven, esta declaración ten especial transcendencia e non se pode adiar por máis tempo. A incoación do procedemento de declaración como Ben de Interese Cultural Inmaterial debe conlevar o previsto na lei do patrimonio cultural, nomeadamente:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 15. Procedemento de declaración

Serán obxecto dunha especial protección os bens de interese cultural declarados por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, despois da tramitación dun procedemento instruído con ese fin, incoado por resolución motivada da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, ou os que teñan a dita consideración en aplicación desta lei.

Artigo 16. Incoación do procedemento de declaración

1. O procedemento de declaración de interese cultural incoarase de oficio por resolución motivada da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, por propia iniciativa ou por petición de calquera persoa física ou xurídica.

A solicitude de iniciación por parte dunha persoa, física ou xurídica, pública ou privada, deberá estar razoada e documentada. Cando se considere que a solicitude carece de fundamento, declararase motivadamente a súa inadmisión e notificaráselle á persoa solicitante.

A solicitude de iniciación entenderase desestimada cando transcorresen seis meses desde a súa presentación sen que se emitise resolución expresa.

2. Os bens non poderán ser declarados de interese cultural ata que pasen trinta anos desde a súa construción ou creación, salvo en casos de excepcional interese público, suficientemente acreditado e despois da autorización expresa da persoa propietaria.

3. A resolución de incoación conterá as especificacións establecidas no artigo 22.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 17. Notificación, publicación e efectos da incoación do procedemento de declaración

1. A resolución de incoación publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado e notificaráselles ás persoas interesadas e, no suposto de bens inmobles, ao concello no territorio do cal se atope o ben.

A notificación ás persoas interesadas poderá substituírse pola publicación no Diario Oficial de Galicia no caso de que a destinataria sexa unha pluralidade indeterminada de persoas.

2. A publicación da citada resolución no Diario Oficial de Galicia supoñerá a apertura dun período de información pública por un prazo mínimo dun mes no caso de bens inmobles.

3. A incoación anotarase con carácter preventivo no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e notificaráselle tamén ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural dependente da Administración do Estado.

4. A incoación do procedemento determinará a aplicación provisional ao ben do mesmo réxime de protección previsto para os bens de interese cultural.

5. A incoación do procedemento de declaración de interese cultural dun ben inmovible determinará a suspensión da tramitación das correspondentes licenzas municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas, así como dos efectos das xa outorgadas, a excepción das de mantemento e conservación. A continuidade da suspensión dependerá da resolución ou da caducidade do expediente incoado. A suspensión levantarase coa resolución do procedemento.

Respecto disto, os concellos deberanlle remitir á consellaría competente en materia de patrimonio cultural as solicitudes de licenzas de obras que non sexan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exclusivamente de mantemento e conservación cuxa tramitación quedase suspendida e notificaranlles a suspensión aos promotores ou promotoras, aos construtores ou construtoras e aos técnicos directores ou técnicas directoras das obras.

As restantes obras que, por causa de interese xeral, teñan que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, logo de que o Consello da Xunta de Galicia determine a súa prevalencia.

Artigo 18. Informes necesarios no expediente de declaración

1. O expediente de declaración de ben de interese cultural conterá os informes técnicos necesarios, elaborados desde as disciplinas científicas aplicables á natureza do ben, que xustifiquen a súa relevancia e valor cultural destacado, acompañados dunha documentación gráfica e unha descrición detallada sobre o seu estado de conservación. No caso de bens inmoables para os que resulte ou se considere necesario, incluírase na xustificación a proposta de delimitación do contorno de protección e da súa zona de amortecemento.

2. Para declarar un ben de interese cultural será necesario o informe favorable e motivado sobre o seu valor cultural sobranceiro de, polo menos, dúas das institucións consultivas especializadas ás que se refire o artigo 7, segundo as características e a natureza do ben, tendo en conta as consultas que por razón da materia ou coñecemento experto poidan realizarse a outras institucións, entidades culturais ou organismos profesionais.

Artigo 19. Delimitación provisional de contornos de protección e zonas de amortecemento

1. Tras incoarse un procedemento de declaración de interese cultural poderase establecer, con carácter provisional, un contorno de protección, coa superficie que en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada caso se estableza, no que as actuacións, nos termos do artigo 45, quedarán suxeitas á autorización por parte da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

2. Poderase establecer, así mesmo, unha zona de amortecemento, na que se someterán a autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, nos termos do artigo 47, as actuacións que expresamente se recollan na resolución de incoación.

Artigo 22. Contido da declaración

1. A declaración de interese cultural dun ben determinará os valores que xustifican a súa declaración e incluírá unha descrición detallada e precisa que permita a súa correcta identificación.

2. A declaración de interese cultural de bens inmoables incluírá as seguintes especificacións:

- a) A categoría coa que son declarados, de entre as definidas no artigo 10.*
- b) A identificación e a descrición das partes integrantes e bens móbiles que, pola súa vinculación co inmoable, se incorporen á declaración. Así mesmo, identificarase a posible existencia de bens inmateriais.*
- c) A delimitación motivada do ben declarado e, para os casos en que resulte necesario, o contorno de protección e a zona de amortecemento, que non terán a consideración de ben de interese cultural.*
- d) Os inmoables comprendidos na delimitación do ben declarado que, de ser o caso, se declaren singularmente, así como o seu propio contorno de protección e zona de amortecemento, de considerarse necesarios, que serán obxecto de inscrición independente no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) As determinacións, cando proceda, respecto á demolición total ou parcial ou á retirada forzosa de elementos, partes ou construcións incluídas na delimitación do ben declarado ou no contorno de protección que resulten incompatibles coa súa posta en valor.

f) A descrición do seu estado de conservación e as eventuais directrices para posteriores intervencións se se considera conveniente.

3. No caso de conxuntos ou coleccións de bens mobles, a declaración enumerará e describirá individualmente cada un dos elementos, ou grupos de elementos, que os integran.

4. No caso de bens inmateriais, ademais da descrición dos seus aspectos intanxibles, identificarase o seu ámbito espacial e temporal cando sexa necesario para a súa protección.

5. No caso de que os usos dun ben poidan resultar incompatibles ou prexudiciais para a súa protección, a declaración establecerá a súa eliminación ou os condicionantes para o seu mantemento.

6. Regulamentariamente estableceranse a información e as características que debe reunir o contido da declaración de forma específica en relación coa súa natureza e categoría, así como as correspondentes solicitudes e resolucións de incoación recollidas no artigo 16.

Tendo en conta as circunstancias que concorren na Rapa das Bestas de Sabucedo, resulta do máximo interese iniciar o procedemento para a súa declaración como Ben de Interese Cultural, polo tanto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é a valoración que fai a Xunta sobre a situación do cabalo do monte e a súa importancia ecolóxica, antropolóxica e socioeconómica?

. Comparte o goberno galego as análises do grupo de investigación Biocost do Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) da UDC sobre as ameazas para a pervivencia do cabalo de monte e os ecosistemas nos que se desenvolven e sobre a necesidade de desenvolver medidas que revertan esta situación?

. Como valora a Xunta a iniciativa para a declaración da Rapa das Bestas como Ben de Interese Cultural Inmaterial?

. Ten previsto a Xunta incoar de oficio o procedemento para a declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como Ben de Interese Cultural Inmaterial e aplicar de modo provisional ao ben o mesmo réxime de protección previsto para os bens de interese cultural?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2023 09:37:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 08/03/2023 09:37:49

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2023 09:37:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na actualidade, o Sergas conta para a prestación da atención hospitalaria na Área Sanitaria de Vigo cun Complexo Hospitalario Universitario que o compoñen os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) atende á poboación dos concellos da área de influencia que ten asignada, proporcionando cobertura a unha poboación de 566.626 cidadáns, pertencentes a 26 concellos. Entre outros, o concello de Cangas e Moaña atópanse circunscritos á área sanitaria de Vigo e, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística para o ano 2021, estes municipios acadaron unha poboación de 26.708 e 19.496 persoas, respectivamente; o que fai un total conxunto de 46.204 como poboación de referencia.

Por outra banda, na zona do Meixoeiro existe, ademais do Hospital, varios centros de ensinanza: C.I.F.P. Manuel Antonio, IES Ricardo Mella e CIFP Valentín Paz Andrade, a Escola Universitaria de Enfermería; e residencias de atención integral ás persoas maiores.

Ducias de persoas residentes no Morrazo diariamente se desprazan en autobús a Vigo para desenvolver a súa actividade profesional, formativa e/ou asistencial, é dicir, pacientes, traballadores sanitarios, persoal auxiliar, docentes, persoal de limpeza, estudantes..., todas estas persoas están interesadas na conexión en autobús do servizo público entre a comarca do



Morrazo e os centros hospitalarios Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, por iso solicitan melloras neste traxecto no transporte en autobús.

Actualmente todos estas persoas usuarias que utilizan o autobús empregan unha hora e quince minutos, no mellor dos casos, nun traxecto de 38 km. Con estes tempos de percorrido, o servizo de transporte vólvese ineficiente ao non funcionar de xeito adecuado. Isto está a causar o abandono do transporte público en autobús polos usuarios, que se decantan por empregar vehículos particulares para chegar a tempo ao seus postos de traballo e para o retorno aos seus fogares.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten por obxectivo facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sustentabilidade económico-financeira e medioambiental. Así como fomentar e potenciar o emprego prioritario do transporte público en calquera dos seus modos, e facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten pensado a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade establecer unha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro, cunha duración estimada inferior a unha hora?

Santiago de Compostela, 7 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 10:30:03
Nº Rexistro: 51065
Data envío: 08/03/2023 10:30:03.086

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/03/2023 10:27:04

Patricia Otero Rodríguez na data 08/03/2023 10:27:13

Eduardo Ojea Arias na data 08/03/2023 10:27:23

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
185063

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este novo período da PAC está a presentar novidades relevantes en canto ás exixencias requiridas ás granxas e explotacións, tanto de carne como de leite. O feito de que a Xunta non teña claras as exixencias pode ter consecuencias graves para as granxas, en dúas vertentes importantes, por unha banda as dificultades de acceso a determinadas axudas por non cumprir os requisitos, e por outra o incremento do nivel dos requirimentos para acadar outras.

Parece que existe unha certa ralentización na capacidade de reacción da consellería para poder facerlle fronte a cambios que eran sabidos, quizá derivado da falta de coñecemento da realidade das nosas granxas e explotacións ou quizá por unha especie de parálise que impide reaccionar ata que os problemas xa non teñen solución.

Estamos a falar das dificultades que van experimentar os nosos produtores e produtoras derivadas de non ter as súas explotacións clasificadas adecuadamente segundo ás súas prácticas produtivas e carga gandeira, é dicir: como intensivas, semiextensivas ou extensivas.

Estas dificultades poden ir dende a perda das axudas asociadas da PAC, ou outras, por non cumprir os requisitos exixidos de extensividade ou semiextensividade,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que poden afectar a máis do 50% dos e das nosas produtoras, ata o incremento do nivel de exixencias nas súas prácticas e de controis das mesmas.

Por todo o mencionado consideramos isto como moi relevante á hora de enfrontarse a este novo período da PAC, máxime polo pouco tempo que queda para que as nosas granxas poidan cumprir os requisitos exixidos. Sería impensable que por unha formalidade da que o goberno da Xunta tamén é parte, as nosas produtoras e produtores se puideran ver envoltas nun novo prexuízo económico ó verse fóra das axudas e/ou co incremento do gasto derivado do incremento das exixencias.

A ausencia de plans para afrontar con dilixencia esta eventualidade móstrase pola falta de resposta única, cando se pregunta nas distintas OACs, nunhas “motu proprio” e baixo o principio de precaución, están animando a pagar as taxas e a cubrir o preceptivo modelo para solicitar o cambio, mentres outras falan por boca do Dr Xeral indicando que nas solicitudes haberá unha cuadrícula para que cada quen clasifique a súa propia granxa, o cal causa impresión por posible desamparo xurídico.

En todo caso nada está claro, mais é urxente poñer en coñecemento dos e das usuarias das axudas este problema e abordalo de inmediato para resolvelo antes que volva causar danos sobre as nosas producións primarias. Sendo tamén imprescindible que as entidades de asesoramento públicas e privadas sexan coñecedoras do problema e das potenciais solucións que propón a Dr Xeral correspondente para axudarlle ás produtoras e produtores a enfrontar este novo problema.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Van vostedes afrontar esta problemática de xeito inmediato para que ningunha das nosas produtoras ou produtores se vexa prexudicado por non acceder a axudas por esta causa ou por incrementar os seus custes polo mesmo?

Que nivel de comunicación e coordinación hai entre as distintas subdireccións xerais da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para, primeiro, detectar posibles problemas dos e das usuarias a respecto de poder cumprir os requisitos para acadar as axudas da PAC e segundo, para buscar vías para resolvelos?

Que medidas van tomar para detectar outras problemáticas potenciais que fagan que as nosas producións primarias se poidan ver en risco de desaparición por perdas de ingresos?

Neste caso concreto e o feito de non ter a clasificación correcta para as granxas e explotacións vs. a existencia da condición de extensiva e semiextensivas para o cobro das axudas asociadas: teñen avaliado o alcance das perdas que pode ocasionar a respecto das axudas asociadas do primeiro pilar da PAC?

E con respecto a outras axudas, neste caso as referidas ás axudas do II Pilar?

Que medidas van tomar para achegar estas informacións ás titulares das granxas e explotacións?

Que información e formación van recibir as entidades de asesoramento públicas ou privadas?

Van seguir permitindo que haxa constantes sobresaltos e prexuízos para a agrogandería do país?

Teñen suficiente persoal na consellería para atender adecuadamente as necesidades das nosas produtoras e produtores agrogandeiros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/03/2023 11:07:54

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/03/2023 11:07:57

María González Albert na data 08/03/2023 11:08:09





Á Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Un estudio da OCDE, Galicia é considerada entre as mellores comunidades para vivir tanto pola súa calidade de vida como pola súa multitude de servizos, sen esquecer a súa inigualable beleza e os seu patrimonio histórico e cultural.

Está claro que Galicia conta con numerosas riquezas naturais, paisaxísticas, patrimoniais e turísticas, que espertan o interese por vivir nesta terra. Ademais, estes recursos están complementados pola existencia duns servizos públicos óptimos e que dan resposta ás necesidades dos cidadáns e do territorio.

A Comunidade Autónoma de Galicia é a quinta rexión de España en canto a poboación con 2,7M persoas, pero tamén debemos ter en consideración a gran dispersión xeográfica xunto coa orografía fai que os costes dos servizos públicos sexan máis custosos que noutros lugares do territorio español.

O Goberno galego fai un gran investimento no rural, non só en recursos humanos como os sanitarios, educativos e sociais, senón tamén en transporte e comedor para alcanzar atopar a poboación galega viva onde viva por non falar da gran aposta feita pola Xunta de Galicia en novas tecnoloxías e en infraestruturas dixitais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración realiza a Xunta sobre os programas educativos que están implantados nos colexios das zonas rural e urbana?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 08/03/2023 12:40:29

Teresa Egerique Mosquera na data 08/03/2023 12:40:46





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 12:45:01
Nº Rexistro: 51084
Data envío: 08/03/2023 12:45:01.930

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/03/2023 12:40:58

José Luis Ferro Iglesias na data 08/03/2023 12:41:14

Gómez Salgado, Carlos na data 08/03/2023 12:41:27

María Felisa Rodríguez Carrera na data 08/03/2023 12:41:38

Rodríguez Pérez, Moisés na data 08/03/2023 12:41:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lugar de Parteme, parroquia de Nocedo no concello de Quiroga é unha poboación típica da montaña lucense, cunha altitude de máis de 751 metros sobre o nivel do mar e unha clara pendente ao estar situado na ladeira do monte. A súa poboación chegou a ser de máis de 100 persoas e agora é dunha decena no inverno e de luns a venres, máis durante as fins de semana, multiplicándose por 3 ou 4 durante os meses de verán.

Esta poboación que vive regularmente alí, máis a que vai periodicamente, son persoas comprometidas co lugar que se xuntan para procurar limpeza de maleza das zonas comúns, traballos de recuperación e sinalización de elementos do lugar, como fontes, bebedeiros ou outras.

Hai 50 anos, por convenio co concello, os habitantes colaboraron cos seus xornais na realización de traballos de canalización de augas de choiva e residuais que remataban no depósito ó aire libre sen que chegara a haber ningunha fosa dende o seu inicio ata o momento actual. Este esforzo derivou da necesidade de evitar que as abundantes choivas erosionaran os camiños e a maiores entraran nas vivendas, nas cortes dos animais ou nas paleiras, debido á velocidade da auga nestes camiños con importantes pendentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estas alturas o sistema de canalización está nunha situación de grave deterioro, de modo que non cumpre coa súa función sobre todo á hora da recollida de augas de choiva que volven baixar a gran velocidade meténdose nas casas, nin tampouco coa protección medio ambiental dado que as augas residuais seguen a verter ao aire libre en 2 zonas da aldea no centro de dous camiños públicos, denominados o Camiño do Carril e o camiño da Viarega.

A pesares de tódolos esforzos levados a cabo polos veciños e veciñas do lugar, de petar en moitas portas nin a administración local, nin probablemente, outras escoitaron as demandas dos e das habitantes deste lugar para renovar a canalización deste sistema de saneamento nin para o saneamento das augas residuais, a pesares de que hai veciños dispostos a ceder os seus terreos para a instalación dalgún tipo de fosa séptica que impida que as augas fecais acaben no Rego de Parteme que desemboca no río Sil no punto denominado a Trampa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Van vostedes apoiar á veciñanza do lugar de Parteme no concello de Quiroga para a renovación da canalización e a conclusión do saneamento que impida danos medioambientais e contaminación das augas?

Farán por acordar coas institucións implicadas, Concello, Deputación e Confederación xunto coa Xunta de Galiza, para que se resolvan tanto as cuestións medioambientais como aquelas derivadas da falta de infraestruturas que provoquen riadas que erosionen os camiños e leven as inundacións ó interior das edificacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/03/2023 13:26:39

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2023 13:27:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para garantir a lactancia materna ás traballadoras do Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG- Saúde ven de denunciar que no Sergas non existe unha adaptación real dos postos de traballo para que as traballadoras poidan realizar a lactancia, ben directamente ou para a extracción do leite materno. Esta situación leva a que moitas das traballadoras cheguen a non exercer o seu dereito á lactación materna.

Denuncian que cando as traballadoras solicitan unha adaptación de posto por lactación materna, este procedemento é pouco áxil, é frecuente que se adapten mal ou incluso que sexan denegadas. Están sendo denegadas adaptacións de posto por exceder dos 9 meses da crianza, porque o Sergas basea a adaptación do posto tendo en conta a prestación por risco laboral na lactación materna do INSS e non no feito en si de dar lactación materna natural.

Tampouco existen espazos adaptados que garantan tanto a extracción de leite como que se poidan aleitar as crianzas en condicións que se garanta a intimidade e/ou seguridade.

A normativa en vigor establece que as Xerencias deben ter tódolos postos coas súas avaliacións de riscos feitas, onde se identifiquen os riscos específicos para a lactación materna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera urxente rematar con esta situación que vulnera os dereitos das mulleres e que o Sergas poña en marcha medidas de protección á lactación materna natural, polo que presentamos a seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a xustificación para que no Sergas non existe unha adaptación real dos postos de traballo para que as traballadoras poidan realizar a lactancia, ben directamente ou para a extracción do leite materno?

É consciente que esa situación está a levar a que moitas das traballadoras do SERGAS cheguen a non exercer o seu dereito á lactación materna?

Vai reverter esta situación e realizar sen demora a avaliación específica de tódolos postos de traballo en canto á lactación materna natural para que a adaptación sexa áxil e inmediata?

Vai garantir un espazo de lactación no centro de traballo de cada traballadora que queira levar a cabo a lactancia, ben para aleitar a súa crianza, ou para a extracción do leite materno en condicións de intimidade e seguridade?

Vai realizar todas as actuacións para permitir que a adaptación de posto se manteña ata que a traballadora decida rematar coa lactación materna, en consonancia coas recomendacións da OMS, sociedades científicas e mesmo o Sergas sobre promoción da lactación prolongada?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2023 13:35:46

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2023 13:35:49

Iria Carreira Pazos na data 08/03/2023 13:35:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Atención Temperá refírese ao conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta, o antes posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos.

Trátase dun recurso fundamental para poder previr un déficit no desenvolvemento e tamén para tratalo, polo que a saúde da parte da poboación galega infantil afectada depende en gran medida deste recurso.

Galicia é das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente en situación de dependencia de toda España, á vez que é das comunidades autónomas que peor cobertura ofrece sobre a porcentaxe de persoas con carencias severas ou en risco de pobreza, polo que é importante que o Goberno galego incremente esforzos para que, neste caso menores con dificultades, gasten todas as oportunidades posibles ata optimizar ao máximo a súa saúde e as propias capacidades. Para elo, o recurso de Atención Temperá ten que ser accesible para todos os menores de 0 a 6 anos que precisen do mesmo por motivos de saúde.

O pasado 16 de xuño de 2022, co motivo do Día da Atención Temperá, a Xunta Directiva da AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá) acordou facer pública unha declaración con motivo da “preocupación porque o crecemento e



despregamento da Rede Galega de Atención Temperá non se estea a facer cos criterios de equidade no trato aos nenos e as familias que sería desexable, de tal xeito que a inversión por crianza é moi desigual en función dos concellos sen que atopemos razón social ou técnica que xustifique esa desigualdade”.

En dito comunicado, aclaraban que a pesar dos avances dos últimos anos, os recursos non están a ser optimizados. En concreto indicaban que “este avance está a verse embazado pola deficiente planificación dos servizos que está a provocar moitas desigualdades e moita inestabilidade”, e continuaban informando que “resulta incomprensible que haxa concellos de Galicia que reciban vinte veces máis cartos por cativo/a que outros para a provisión do servizo, que haxa concellos con atención frecuente e sen demoras mentres que noutros hai listas de espera de meses e situacións de saturación asistencial”. “Que se permita a discontinuidade do servizo e da prestación. Que non se unifiquen as condicións de exercicio profesional”.

A asociación reitera a “necesidade de planificar e dimensionar a provisión dos servizos conforme a criterios técnicos así como estabilizalos e dotalos da necesaria continuidade mediante a xestión directa ou concertada plurianual, modificando o sistema actual de convocatorias anuais e pechando a posibilidade de licitación baixo criterios de aforro económico e non de calidade dos servizos.

Tras varios meses tras este comunicado, o Goberno galego deu pasos para avanzar na mellora da accesibilidade dos menores á atención temperá. Sen embargo todo elo non será suficiente ata que o servizo non se converta en universal e accesible para todos os menores de 0 a 6 que o precisen, tendo en conta que hai que garantir os dereitos da infancia a ter unha debida atención sociosanitaria que garanta os principios de igualdade de oportunidades.



É preciso, polo tanto, que o Goberno galego elabore un estudo sobre a poboación diana para a atención temperá en Galicia, e en base a elo incrementar o número de unidades que garanta a cobertura plena do servizo a todos os nenos e nenas que o precisen. Hai que ter en conta que a porcentaxe de nenos e nenas que se calcula que precisarían do servizo de atención temperá é do 10 %. Polo cal é urxente coñecer o número de nenos e nenas que están a ser atendidos en Galicia para coñecer cal é a situación real e fixar así o obxectivo de chegar ao 100 % da poboación que o precisa tal e como se fai noutras comunidades autónomas do país.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando a Xunta de Galicia decide crear unha unidade de atención temperá, en base a que criterios o fai?
2. Cren dende a Xunta de Galicia que as unidades deben crearse en función da poboación diana a atender? Están a seguir este criterio dende o Goberno galego?
3. Cantos menores galegos de 0 a 6 anos están a ser atendidos en Galicia? Cantos nenos están a ser atendidos en Atención Temprá Galicia pola rede de servizos da Consellería de Política Social e pola rede do Sergas? Hai datos sobre o tipo de problemas que presentan?

Santiago de Compostela, 6 de marzo do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51105
Data envío: 08/03/2023 14:05:40.227

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/03/2023 13:46:51

Julio Torrado Quintela na data 08/03/2023 13:47:01

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
185079

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Maria González Albert e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a prohibición por parte da CRTVG da celebración de asembleas de traballadoras e traballadores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo de 2023 a dirección da CRTVG enviou un escrito á representación social das traballadoras e traballadores dos medios públicos para lles prohibir xuntarse, en asemblea, nas instalacións de San Marcos, isto é, no propio centro de traballo.

Segundo o director de Recursos Humanos da Corporación, que é quen asina a comunicación, a negativa a permitir as asembleas de traballadoras/es responde ao artigo 78 do Estatuto dos traballadores que impedirían estes encontros se entre un e outro non transcorreron “dous meses”.

Unha decisión inaudita que non pode senón inscribirse na escalada de abusos na que se atopa a dirección da CRTVG, máis aínda logo da convocatoria da xornada de folga que tivo lugar o 6 de marzo e as sucesivas mobilizacións que o persoal ten previsto desenvolver.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego é impresentable o que está a facer a CRTVG e pedimos que cese de maneira inmediata nesta actitude vulneradora dos dereitos do persoal dos medios públicos, incluído o de reunión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Á dirección da CRTVG parécelle aceptable que se pretenda negar e limitar o exercicio do dereito de reunión do persoal dos medios públicos?
- Que pretende a dirección da CRTVG con esta escala de abuso de poder?
- Vai cesar a dirección da CRTVG nesta actitude?
- Vai garantir a dirección da CRTVG os dereitos do persoal dos medios públicos?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Maria González Albert

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2023 17:22:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 08/03/2023 17:22:50

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2023 17:22:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o Porto e os Concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os Concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos, sendo esta unha institución



que non comprende a necesidade deses usos, ralentiza os procesos e/ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos esixe unha taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención de Portos de Galicia, nin do investimento, polo que terminan por deteriorarse e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

O Parlamento de Galicia debateu, a proposta do Grupo Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e así foi unha iniciativa aprobada por unanimidade. Dende entón, non en tanto, non se produciu ningún avance nesta cuestión. O 5 de maio de 2021 a presidenta de Portos de Galicia respondía na Comisión de Pesca e Mar do Parlamento sobre esta cuestión a preguntas do propio Grupo Socialista, e recoñecía que dende febreiro de 2019 non mantiñan ningunha xuntanza coa Fegamp para tratar a cuestión.

Xa no outono dese mesmo 2021, e ante a pasividade da Xunta de Galicia a pesares do mandato parlamentario do ano anterior, o Grupo Socialista volveu a incidir no debate parlamentario na vontade de avanzar nesta situación. Así, unha proposición non de lei deste grupo foi debatida e aprobouse en parte por unanimidade. O texto que foi conseguido aprobar foi:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a axilizar os trámites necesarios para facilitar a reversión aos concellos dos terreos de titularidade portuaria autonómica que son



actualmente de uso portuario residual ou inexistente, dando continuidade ao acordo instado polo Parlamento de Galicia e a Fegamp, informando favorablemente en todos os casos que sexa posible e non repercutindo ningún custo extra para os concellos.

Apenas algunhas semanas despois o Grupo Popular presentaba a súa propia proposta, que pretendía derivar a responsabilidade a outras administracións, a pesares de non ter avanzado na súa tarefa. A partir desta proposta parlamentaria, chegouse tamén a un novo acordo a sumar aos anteriores, que constaba de dúas ideas:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

- 1. Solicitar á Dirección Xeral da Costa e o Mar, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, que considere favorablemente a reversión do dominio público portuario e a posterior desafectación cara aos concellos para que a titularidade dos terreos portuarios reverta nas entidades municipais onde se sitúan os terreos.*
- 2. Tomar en consideración todas as peticións dos concellos para a reversión de terreos, exceptuando só aqueles que pola súa utilización actual ou previsión concreta de futuro teñan obxecto de uso realmente portuario.*

Durante este tempo numerosas alcaldías teñen realizado solicitudes a Portos de Galicia para iniciar estes trámites, sen resposta da Xunta de Galicia. As demais administracións e institucións (concellos, Demarcación de Costas do Estado, Fegamp...) comparten esta solución e teñen trasladado isto á Xunta de Galicia que, non en tanto, segue paralizando a cuestión. Hai reticencias por



parte de Portos de Galicia a avanzar nos posibles acordos coa Fegamp, en función do que paraliza calquera procedemento cos concellos, e tampouco ningunha intención de ser efectivos nos diálogos co Goberno do Estado para facilitar este procedemento.

A realidade é que esta situación xera un problema grave de xestión, provocado pola evidente nula intención do goberno de Galicia de resolver un problema do que se aproveita inxustamente e que se traduce en ineficiencia e inequidade no tratamento dos espazos urbanos en detrimento da calidade de vida dos cidadáns.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que avances se teñen feito no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal?
2. Cantos concellos galegos teñen visto realizada esta reversión da titularidade de terreos portuarios no seu termo municipal? Cales? Que volume de terreos?

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2023 10:25:05





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 10:29:22
Nº Rexistro: 51158
Data envío: 09/03/2023 10:29:22.846

Patricia Otero Rodríguez na data 09/03/2023 10:25:13

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
185087

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Maria González Albert e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a prohibición por parte da CRTVG da celebración de asembleas de traballadoras e traballadores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo de 2023 a dirección da CRTVG enviou un escrito á representación social das traballadoras e traballadores dos medios públicos para lles prohibir xuntarse, en asemblea, nas instalacións de San Marcos, isto é, no propio centro de traballo.

Segundo o director de Recursos Humanos da Corporación, que é quen asina a comunicación, a negativa a permitir as asembleas de traballadoras/es responde ao artigo 78 do Estatuto dos traballadores que impedirían estes encontros se entre un e outro non transcorreron “dous meses”.

Unha decisión inaudita que non pode senón inscribirse na escalada de abusos na que se atopa a dirección da CRTVG, máis aínda logo da convocatoria da xornada de folga que tivo lugar o 6 de marzo e as sucesivas mobilizacións que o persoal ten previsto desenvolver.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego é impresentable o que está a facer a CRTVG e a actitude da Xunta de Galiza que mantén a actual dirección





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral da CRTVG á marxe do que marca a lexislación e, peor aínda, está amparando e xustificando o proceder abusivo no seu dunha empresa pública sostida con máis de cen millóns de euros públicos anualmente.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

Vai seguir a Xunta de Galiza amparando, apoiando e xustificando unha dirección da CRTVG que actúa de maneira abusiva e represiva contra o persoal dos medios públicos de todas as galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Maria González Albert

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2023 11:38:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 09/03/2023 11:38:44

Noa Presas Bergantiños na data 09/03/2023 11:39:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2023 11:39:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar os polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, situados na ADE Monte Acibal, promovidos pola empresa Green Capital.

O polígono eólico Anduriña ten unha potencia de 41.4 MW, con 9 aeroxeradores de 4,6 MW e 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Barro, Campo Lameiro, Moraña e Pontevedra.

O polígono eólico Zudreiro ten unha potencia de 23 MW, con 5 aeroxeradores de 4.6 MW de 200 m de altura, e unha poligonal que afecta aos concellos de Moraña e Campo Lameiro.

Os dous proxectos están situados na mesma zona, un a continuación do outro, comparten subestación e liña de evacuación, polo que estamos diante dun caso claro de fragmentación irregular.

Estes dous proxectos teñen tamén relación directa, en canto ás infraestruturas de evacuación e conexión á rede, con outros proxectos promovidos pola mesma empresa: LMT Parque Eólico Zudreiro a Subestación Parque Eólico Anduriña, Liña de Alta Tensión Anduriña-SEC Parque Eólico Coto Aguado (Cerdedo-Cotobade), LAT de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexión de Coto Aguado coa Subestación de Tomeza. Todas estas infraestruturas terían un forte impacto no territorio e deberían ser tramitadas e avaliadas conxuntamente.

O polígono industrial eólico conformado polos proxectos Acibal (autorizado polo Consello da Xunta), Anduriña e Zudreiro non está debidamente xustificado en canto ao seu interese público e tería unha incidencia moi negativa nos seguintes ámbitos:

-Nos usos residenciais do territorio, pola incidencia negativa en núcleos de poboación da contorna, tanto na fase de construción como na de funcionamento.

-Na disponibilidad de recursos hídricos, pola incidencia das obras dos parques nas nacentes, cursos de auga e mananciais de abastecemento á poboación.

-En hábitats declarados de interese prioritario e interese comunitario, como as breixeiras, matogueiras e turbeiras do Monte Acibal, nomeadamente as Brañas da Amil.

-Na paisaxe, polo forte impacto visual e paisaxístico das numerosas infraestruturas previstas.

-No patrimonio cultural, pola presenza na zona de numerosos xacementos arqueolóxicos (mámoas e petroglifos principalmente) que se verían directamente afectados pola construción dos parques.

-Na zona de campo do cabalo de monte, unha especie de alto interese ambiental e cultural, que cumpre unha función esencial na preservación de hábitats de interese como as breixeiras e brañas, e na prevención dos incendios. Estes hábitats veríanse fragmentados e alterados polas obras de construción dos proxectos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Nos valores culturais e na celebración da Rapa das Bestas da Amil, un ben cultural inmaterial que é preciso protexer e potenciar como sinal de identidade e atractivo turístico.

-Na celebración dos Milagres da Amil, unha festa relixiosa e popular de grande raigame e participación masiva.

Toda a contorna afectada pola construción dos polígonos eólicos e futuras actuacións (ampliación, repotenciacións) vería fortemente limitado o seu valor, o seu atractivo e a súa potencialidade de usos e aproveitamentos sustentábeis.

Tendo en conta o conxunto de proxectos e infraestruturas en tramitación nunha área de 15 km á redonda, debería levarse a cabo unha avaliación sinérxica e acumulativa do seu impacto nos ámbitos ambiental, cultural, residencial e socioeconómico. Ao mesmo tempo, debería desenvolverse un proceso de información e participación pública, coa intervención dos concellos e das entidades sociais, para acordar as grandes liñas de desenvolvemento socioeconómico e a compatibilidade de usos do territorio.

Os proxectos enerxéticos que se están a tramitar no Monte Acibal non teñen como finalidade nin a transición enerxética nin o desenvolvemento local sustentábel. Responden a unha lóxica depredadora e á voracidade de grandes empresas enerxéticas que pretenden obter o máximo lucro sen importarles quen vive no territorio e que expectativas e potencialidades alternativas ten a zona.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta suspender a tramitación dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro e levar a cabo un proceso de avaliación sinérxica e acumulativa de todos os proxectos eólicos previstos na comarca de Pontevedra?

. Por que a Xunta permite a fragmentación irregular de proxectos eólicos que afectan aos concellos de Moraña, Campo Lameiro, Barro, Cerdedo-Cotobade e Pontevedra como ocorre no caso de Anduriña e Zudreiro, da subestación colectora e das súas infraestruturas de evacuación e conexión á rede?

. Vai a Xunta desenvolver as actuacións necesarias para garantir a protección dos valores ambientais e culturais do Monte Acibal, nomeadamente a conservación dos humidais, do patrimonio cultural, de hábitats e especies protexidas, da zona de campeo do cabalo do monte e da tradición da Rapa das Bestas?

. Ten previsto o goberno galego iniciar os trámites para a inclusión das Brañas da Amil e das turbeiras do Acibal no Rexistro de Zonas Húmidas de Galiza, paralizando de forma cautelar e preventiva todos os proxectos que poidan afectar a estes ecosistemas de transcendental importancia para a conservación da biodiversidade e para a prevención do cambio climático?

. Ten previsto o goberno galego desenvolver un proceso participativo e un debate social amplo sobre a incidencia dos proxectos eólicos no territorio e a súa incompatibilidade con outros usos tradicionais e sustentábeis?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2023 12:21:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/03/2023 12:21:56

Noa Presas Bergantiños na data 09/03/2023 12:22:05



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Desde que o pasado 21 de febreiro de 2023, a Comisión Europea presentara a súa folla de ruta para eliminar gradualmente a pesca de arrastre de todas as zonas mariñas protexidas da Unión Europea (UE) para 2030, o Goberno do Estado permanece calado.

Caso contrario do que está a facer o Goberno francés que se posicionou frontalmente en contra dos plans da Comisión Europea.

Así, o Ministro francés de pesca, Hervé Breville, pronunciouse respecto disto o 23 de febreiro en Normandía na súa visita aos pescadores de Port-en-Bessin: "A miña postura é clara, non validarei a medida tal cal no próximo Consello Europeo. A nosa prioridade hoxe é o desenvolvemento da pesca"

O 25 de febreiro, o presidente da República Francesa, Emmanuel Macron, foi quen rexeitou limitar o arrastre. Nunha xuntanza cos profesionais do mar, "está decidido a opoñerse" ao plan proposto pola Comisión Europea para eliminar progresivamente a pesca de arrastre de fondo nas zonas mariñas protexidas".

Segundo o presidente do Comité Nacional de Pesca francés, Olivier Le Nezet "o presidente da República deixou moi claro que Francia non acepta o método empregado pola Comisión e que a súa resposta será moi firme e inequívoca ao respecto". Ademais o xefe do Estado comprometeuse a "protexer a industria pesqueira, en nome da soberanía alimentaria francesa".

"O Presidente escoitounos. Non aceptará un plan que suporía a morte da pesca francesa", dixo Le Nezet.

Esta oposición frontal de Francia contrasta sorprendentemente coa desidia do Goberno español, xa que nin o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, nin o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Palas se manifestaron ao respecto.

Por todo anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:





Cal é a opinión do Goberno galego sobre o silencio do Goberno de España ao respecto da decisión da Comisión Europea de eliminar gradualmente a pesca de arrastre de todas as zonas mariñas protexidas da Unión Europea para 2030?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 09/03/2023 13:42:19

José Manuel Balseiro Orol na data 09/03/2023 13:42:52

Freire Vázquez, María Begoña na data 09/03/2023 13:43:04

Ana Belén García Vidal na data 09/03/2023 13:43:16

Manuel Santos Costa na data 09/03/2023 13:43:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/03/2023 13:43:48

Rodríguez Pérez, Moisés na data 09/03/2023 13:44:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a sinistralidade laboral en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Outro ano máis, Galiza atópase á cabeza das comunidades autónomas cun índice máis elevado de mortes de persoas traballadoras por accidente laboral. De xaneiro a decembro do ano 2022 faleceron 67 traballadores e traballadoras en xornada laboral, colocándonos neste triste podio só por detrás de outros territorios como Murcia ou a Rioxa. Un número de falecidos que é o máis alto desde o ano 2009 (no que faleceran 72 persoas en accidente laboral) e que son 18 máis das falecidas no ano 2021.

Desgraciadamente, que o noso país lidere esta triste estatística non é algo puntual, xa que levamos anos nos postos altos de falecementos por accidente laboral: 238 persoas traballadoras falecidas nos últimos cinco anos. Case unha morte por accidente na xornada laboral por semana.

Galiza atópase ano tras ano por riba da media estatal do Índice de Incidencia de accidentes mortais. No ano pasado producíronse 6,59 mortes por cada 100.000 persoas traballadoras, fronte ás 3,51 no conxunto do Estado español.

Dentro desas 67 mortes, 21 corresponden ao mariñeiros que faleceron no Vila de Pitaxo. Se a sinistralidade laboral acada no noso país uns números certamente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preocupantes, a desagregación por sectores amosa que traballar no mar é, se cabe, máis perigoso, xa que un sector que conta con 20.000 empregadas e empregados, como é o da pesca e a acuicultura, sumou el só 103 mortes entre o anos 2010 e 2022.

Estes datos terribéis amosan con claridade un dato obxectivo e irrefutábel: que as políticas de prevención da sinistralidade laboral nos últimos 14 anos non atallaron o problema. Para o Bloque Nacionalista Galego esta non é unha realidade asumíbel, e pode e debe ser mudada.

Son moitas as causas que provocan que a sinistralidade afecte de xeito especialmente grave ás traballadoras e traballadores galegos. Como pode ser un mercado de traballo marcado pola precariedade, eivas importantes en canto a formación en materia de prevención, ou a concienciación das propias empresas para investir máis en prevención de riscos laborais

En calquera caso, para parar esta sangría que afecta especialmente á clase traballadora galega, é imprescindible un compromiso moito maior das administracións.

O goberno galego e, nomeadamente a Consellería de Emprego, deben mudar profundamente as políticas activas de prevención de riscos laborais, que se amosaron como insuficientes. Debe apostar de xeito decidido desde o punta de vista orzamentario pola formación e a sensibilización social para que se identifique a sinistralidade como un problema social grave e reforzar as ferramentas coas que xa se contan neste eido. Aumentando tamén a coordinación entre os dispositivos públicos que xogan un papel importante na prevención.

A gravidade do problema é tal que esixe unha estratexia clara e definida e con plans específicos, na que interveñan todos os axentes sociais e que conte con dotación orzamentaria para cumprir os seus obxectivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que o goberno galego asuma, dunha vez por todas, que para atallar o problema da sinistralidade laboral galega debe, indefectiblemente, asumir todas as competencias posíbeis en materia de prevención e inspección, e avanzar na consecución dun marco galego de relación laborais que teña en conta as especificidades e particularidades da realidade laboral galega.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Considera o Goberno galego que as medidas e políticas adoptadas até o de agora en materia de Prevención de Riscos Laborais foron efectivas para reducir a sinistralidade laboral?

- Como valora o Goberno galego os datos de sinistralidade laboral dos últimos cinco anos?

- Considera necesario incrementar o número e as competencias de inspección dos Técnicos/as Habilitados/as dependentes do ISSGA?

- Considera necesario aumentar e optimizar a coordinación do Servizo Galego de Saúde e os dispositivos públicos de prevención co obxectivo de mellorar a detección de enfermidades profesionais, sistematizar a información relativa a accidentabilidade e causas da mesma e identificar, prever e anticipar factores de risco laboral vinculados aos accidentes non traumáticos?

- Ten previsto o Goberno galego solicitar do Estado a transferencia de recursos e competencias en materia de Inspección de Traballo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 09/03/2023 13:53:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/03/2023 13:53:51

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2023 13:54:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmela González Iglesias e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o control na licitación, adxudicación e execución en determinados contratos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de decembro o Pleno da Comisión Galega da Competencia resolveu o arquivo do expediente sancionador incoado o día 3 de maio de 2022 contra as mercantís Core Grid, S.L. e Vitel, S.A. pola presunta realización de prácticas colusorias no procedemento de contratación pública do servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de gravación de vistas orais. A resolución de arquivo fundamentouse na previa declaración de prescrición da infracción imputada.

O contrato no que supostamente se produciu infracción atribuída ás empresas denunciadas foi adxudicado por Resolución de 18 de outubro de 2017. Foi a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza quen advertiu ao Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA) a que puxo os feitos en coñecemento da autoridade galega en materia de competencia o día 10 de febreiro de 2022, isto é, 4 anos e 4 meses após da adxudicación do contrato.

Prácticas como as denunciadas atentan contra o principio de libre competencia en prexuízo do interese público prexudicando tanto aos recursos públicas, como á





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

calidade da prestación dos servizos aos que se refire , permitindo a fraude e a corrupción en beneficio exclusivo das empresas que forman parte do acordo.

A falla de dilixencia e control da Xunta de Galiza é a quen impediu a persecución das conductas presuntamente infractoras, a sanción ás responsábeis e a eliminación das súas consecuencias.

A propia Comisión Galega da Competencia reclama da Xunta de Galiza “unha maior axilidade (e maior celo) na actuación das mesas de contratación na detección e denuncia de actuacións que poidan ser constitutivas de infraccións anticompetitivas nas licitacións públicas”.

Nesa mesma liña de demanda de “maior celo”, no BNG e tamén dende distintas organizacións sindicais, vimos constatando como en diferentes ocasións se propuña a adxudicación de contratos, ou mesmo se adxudicaban contratos públicos, a empresas que incumprían requisitos básicos para a contratación público, como por exemplo contar cun Plan de Igualdade, o que evidencia a falla de dilixencia da Xunta de Galiza en materia de contratación pública.

Tampouco consta maior dilixencia da Xunta de Galiza na exixencia do cumprimento dos contratos, posto que en numerosas ocasións se ten constatado a existencia de incumprimentos na prestación dos servizos contratados, p.e. na atención residencial en centros de maiores, sen que conste a existencia de incoación de procedementos para a imposición de penalidades ou para o reintegro do indebidamente percibido.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto tempo tarda, con carácter xeral, a Intervención da Comunidade Autónoma en examinar o procedemento de adxudicación dun contrato administrativo?

En que data foi remitido á Intervención Xeral o expediente relativo ao procedemento de contratación pública 2017/PA/0041 cuxo obxecto era o servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de gravación de vistas?

De que data é o informe da Intervención Xeral no que aprecia a existencia dunha infracción en materia de competencia?

Considera que as prácticas colusorias son susceptíbeis de provocar graves consecuencias para os recursos e xestión pública e que por tanto non deben consentirse e ficar impunes?

Cantos contratos foron adxudicados nos últimos 5 anos a empresas que carecían de plans de igualdade?

Cantas empresas foron exclusivas nos últimos 5 anos de participar en procedementos de contratación pública do sector público autonómico por carecer de plan de igualdade?

Cóntalle á Xunta de Galiza se algunha das empresas excluídas é adxudicataria de contratos administrativos do sector público autonómico?

No seu caso, que actuacións realizou a Xunta de Galiza para revisar os contratos ilegalmente adxudicados?

Cantos procedementos incoou a Xunta de Galiza para imposición de penalidades a empresas adxudicatarias de contratos de servizo de atención residencial de maiores? Indíquense as datas de incoación, a empresa contratista e o resultado do procedemento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantos procedementos, e a que empresas e en que datas, incoou a Xunta de Galiza como consecuencia de incumprimentos contractuais en materia de atención residencial a maiores?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Carmela González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2023 18:02:04

Carmela González Iglesias na data 09/03/2023 18:02:07

Xosé Luis Bará Torres na data 09/03/2023 18:02:15





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do disposto no artigo 8 das normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Recomendación** en relación co Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para 2023 [11/CPAT-000002- 46139]

Recomendación número 1

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría operativa dos contratos intensivos en mano de obra, empezando por auditar o Transporte Sanitario non Urxente do SERGAS, na que se analice a prestación, o coste e as posibles vías de financiación.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/03/2023 18:10:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 18:11:06
Nº Rexistro: 51213
Data envío: 09/03/2023 18:11:06.765

Cristina Sanz Arias na data 09/03/2023 18:10:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-tdrrZawJQ-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes recomendacións en relación co Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galiza para 2023.

Recomendación núm. 1

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun estudo detallado sobre os supostos de responsabilidade patrimonial atribuídos á Xunta de Galiza nos últimos cinco anos como consecuencia da titularidade de vías de circulación de vehículos a motor, as concretas consecuencias provocadas nos mesmos e as medidas adoptadas para evitar a súa reprodución.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización relativo á execución dos contratos para o Servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores concertados e as consecuencias de eventuais incumprimentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 3

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha auditoría sobre os criterios aplicados pola Xunta de Galiza para reparto de fondos ou para a celebración de convenios coas Entidades Locais.

Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a execución dos contratos dirixidos á adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral como Cidade da Xustiza de Vigo.

Recomendación núm. 5

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización da execución do contrato de reparación de servizos e firme na r/ Marcelo Macías de Ourense.

Recomendación núm. 6

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización dos procesos de contratación, prorrogas e concursos de transporte da Xunta de Galiza e, singularmente, do transporte escolar.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre fenda de xénero nas remuneracións do persoal ao servizo da administración xeral da Xunta e das súas sociedades instrumentais.

Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a existencia e grao de cumprimento, nos contratos públicos realizados pola Xunta de Galiza e as súas sociedades instrumentais, de cláusulas administrativas que garantan e promovan a igualdade, a sustentabilidade e os dereitos sociais.

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo a Augas de Galiza con especial atención ás súas contratacións, grao de execución dos contratos, desviación dos custes, adquisicións de material e máis transparencia e equidade dos seus convenios de colaboración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización as contratacións de medios aéreos para a extinción de incendios e para o servizo autonómico de salvamento marítimo.

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a xestión da formación continua e da formación para o emprego do goberno galego, con especial atención aos criterios de adxudicación, e aos prazos de pago.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a cabo unha fiscalización específica en relación aos concertos educativos, a comezar polas entidades segregacionistas e con especial atención á análise dos criterios aplicados para outorgar ou non as axudas económicas.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría dos procesos de contratación dos servizos de comedores escolares de xestión indirecta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas que dentro do Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo que está a realizar e que ten previsto rematar no presente 2020 inclúa unha análise sobre o incremento de custes respecto do inicialmente estimado de cara a avaliar a carga real que suporá para a facenda pública, así como unha estimación das posibilidades de reversión para a xestión integramente pública.

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a un informe de fiscalización as axudas concedidas polo goberno galego ao sector industrial da automoción desde o ano 2009 incluíndo unha análise do seu impacto na evolución do emprego, considerando o número de empregos, o tipo de contratación e a evolución das horas de traballo así como a súa remuneración.

Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría da Fundación da Cidade da Cultura e do impacto económico da construción do novo edificio Fontán.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 17

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas desenvolver unha auditoría sobre os convenios de colaboración para publicidade, contratos de patrocinio e campañas informativas da Xunta de Galiza e os seus entes instrumentais no período 2016-2022, especialmente a través de medios de comunicación e en coincidencia con períodos preelectorais.

Recomendación núm. 18

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un novo informe de fiscalización sobre a contratación de persoal do SERGAS avaliando a evolución do persoal funcionario e do persoal contratado en interinidades ou prazas temporais, incluíndo información separada por área sanitaria e, no caso da atención hospitalaria, por Hospital.

Recomendación núm. 19

O Parlamento propón ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización sobre os contratos menores de obras celebrados pola Deputación Provincial de Ourense durante os exercicios 2019 a 2022, ambos inclusive.

Recomendación núm. 20

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS).





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 21

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas fiscalizar os contratos da Corporación da Radio e Televisión de Galiza coas empresas Think First SL e Visualiza Business SLU.

Recomendación núm. 22

O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas elaborar un estudo detallado sobre as desviacións de fondos inicialmente comprometidos para I+D+i nos orzamentos da Xunta de Galiza para outros ámbitos.

Recomendación núm. 23

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría de todas as axudas públicas (da Xunta de Galiza e das administracións locais) outorgadas á Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010.

Recomendación núm. 24

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización relativo á Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, organismo público e dependente de Turismo de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 25

O Parlamento galego propón ao Consello de Contas a fiscalización das concesións de xestión dos centros de menores da Xunta de Galiza.

Recomendación núm. 26

O Parlamento galego suxire ao Consello de Contas a fiscalización dos contratos de servizos de limpeza da Universidade de Vigo para avaliar o cumprimento ou non das súas condicións, singularmente respecto de horas de traballo e persoal contratado e singularmente durante a pandemia da covid-19.

Recomendación núm. 27

O Parlamento galego suxire ao Consello de Contas a fiscalización selectiva da Axencia da industria forestal desde a súa posta en marcha até a actualidade.

Recomendación núm. 28

O Parlamento galego suxire ao Consello de Contas a fiscalización selectiva das subvencións de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovábeis concedidas polo INEGA desde o ano 2016.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 29

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización o servizo de transporte de doentes, con especial atención aos tempos de resposta nas zonas rurais.

Recomendación núm. 30

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización das axudas concedidas polo goberno galego a través do IGAPE para paliar o impacto da pandemia provocada polo COVID-19 na economía galega, con especial atención aos prazos de resolución.

Recomendación núm. 31

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría das axudas concedidas polo goberno galego ao sector da industria téxtil desde o ano 2000, con especial atención ao impacto no emprego.

Recomendación núm. 32

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría das axudas concedidas polo goberno galego para a internacionalización das empresas desde o ano 2000, con especial atención ao impacto no emprego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 33

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría das axudas concedidas pola Xunta de Galiza ás empresas responsábeis do servizo do subministro eléctrico, con especial atención ao grao de cumprimento de obxectivos e calidade do servizo.

Recomendación núm. 34

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría das axudas concedidas pola Xunta de Galiza ás empresas responsábeis da instalación de fibra, directamente ou a través de axudas ás entidades locais coa mesma finalidade, con especial atención ao grao de cumprimento de obxectivos e calidade do servizo.

Recomendación núm. 35

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización dos custos para o SERGAS da incorrecta cualificación como continxencias comúns de patoloxías de orixe profesional.

Recomendación núm. 36

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre os contratos de xestión documental, subministros enerxéticos, e de mantemento do SERGAS.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendación núm. 37

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre o grao de cumprimento dos termos da concesión para a xestión do Centro de atención a persoas con discapacidade intelectual Souto de Leixa no Concello de Ferrol, facendo especial fincapé na calidade do servizo asistencial recibido polas persoas residentes.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2023 17:03:29

Noa Presas Bergantiños na data 09/03/2023 17:03:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/03/2023 17:04:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/03/2023 17:04:15



Á Mesa da Comisión Permanente non legislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **recomendacións ao Plan de traballo 2023**.

Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización específico dos contratos e convenios de publicidade, protocolo e comunicación promovidos pola Xunta de Galicia durante os exercicios do 2015 ao 2022, á luz das evidencias constatadas no informe da AIREF na avaliación da publicidade institucional da Junta de Castela e Leon.

Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe específico de fiscalización e de auditoría operativa sobre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dos anos do 2015 ao 2022, que incluírá as valoracións dos seus procesos de contratación e a externalización de servizos efectuados.

Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre as axudas e convenios levados a cabo polo Goberno galego coas entidades locais e institucións delas dependentes, durante os anos do 2015 ao 2021, co obxecto de verificar ata que punto a súa concesión se realizou baixo criterios obxectivos, avaliábeis e non discriminatorios, ditaminando a posible legalidade ou falta de xustificación das contías outorgadas e a importancia da financiación condicionada na participación nos ingresos da Comunidade Autónoma das entidades locais.



Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercicio 2023 o informe sobre o custo dos concertos hospitalarios realizado polo Servizo Galego de Saúde, no se que inclúa o custe global concertado con cada hospital, así como o custe por servizo concertado con indicación expresa da comparativa entre o custe do servizo realizado nun hospital público e nun centro concertado, e o volume que estes concertos supoñen con respecto ao orzamento do Sergas.

Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os procesos de contratación da Administración autonómica e as actuacións levadas a cabo sobre a base deles, durante os anos do 2015 ao 2022, respecto aos medios aéreos, nomeadamente aos servizos de extinción de incendios forestais, como os relativos ao rescate do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre as posibilidades e custe para a Administración autonómica para acadar a liberalización das peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo e Puxeiros-Val Miñor, valorando o cesamento na xestión privada de tales infraestruturas.

Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a presentación urxentemente do Informe de Fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, incluído no Plan de Traballo do Consello de Contas do exercicio 2017 e que a día de hoxe está aínda sen presentar neste Parlamento, coa inclusión no dito informe da análise das posibilidades de recuperación para a xestión pública da concesión existente respecto do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, cesando a explotación privada de tal infraestrutura sanitaria básica.



Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a valoración dos estudos previos e trámites de contratación administrativa levados a cabo pola Xunta de Galicia con respecto ás novas concesións do transporte público por estrada competencia da Comunidade Autónoma, analizando os seus custes e prestación de servizos en relación á posición anterior, a posible existencia de situacións contrarias á libre competencia, das reclamacións ou recursos efectuados, e valorando singularmente as modificacións realizadas con respecto ao transporte de aqueles concellos con máis dificultades de acceso á mobilidade, así como os efectos das ditas concesións

Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un balance de xestión, execución e cumprimento de obxectivos dos programas operativos dos fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2007-2013, en especial en relación aos fondos non executados e as causas da inexecución.

Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un balance de xestión, así como do grao de execución dos programas operativos dos fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2014-2020.?

Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre a eficiencia e a eficacia das medidas concretas e controis adoptados pola Xunta de Galicia no sector público autonómico en relación á prevención da corrupción, en especial en relación coa avaliación da execución efectiva das medidas adoptadas prevista no artigo 5 bis da Lei do Consello de Contas.

Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe sobre o comportamento dos cargos públicos do sector público autonómico en relación ao cumprimento do Código Ético Institucional, e a evolución do



patrimonio dos cargos públicos previsto na modificación da Lei do Consello de Contas do ano 2015, desde a súa entrada en vigor ata o ano 2022 e dando cumprimento á competencia prevista na dita reforma relativa á fiscalización da evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupan altos cargos no sector público autonómico.

Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre a as causas da evolución da débeda pública galega no período 2018-2022.

Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre os fondos Next Generation no que se especifique, a súa execución, a contía recibida e a contía distribuída, beneficiarios, e a previsión de efectos na economía galega.

Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre os gastos, obxectivos e composición das comitivas das viaxes ao exterior realizadas polo presidente da Xunta, os conselleiros e conselleiras, e os altos cargos da Administración autonómica.

Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre o impacto económico e social dos beneficios fiscais aplicados pola Xunta de Galicia desde o exercicio 2015 ao 2022, e os estudos económicos obrigatorios que os ampararon reflectindo, nomeadamente, os seus efectos ao respecto da perda de poboación, así como das correccións do desequilibrio territorial de Galicia.

Recomendación núm. 17

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización sobre as achegas recibidas polos concellos fusionados Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade por parte da Administración autonómica, así como sobre a situación económica e prestación de servizos á cidadanía dos concellos de



Oza dos Ríos, Cesuras, Cerdedo e Cotobade antes da fusión e despois como concellos fusionados.

Recomendación núm. 18

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización e auditoría sobre a situación económico-financeira do Concello de Miño derivada do proceso urbanizador “Costa Miño Golf”.

Recomendación núm. 19

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os auténticos índices de execución con respecto aos fondos europeos, sen ter en conta, tal e como realiza a Xunta de Galicia, as baixas de créditos efectuadas ao final dos exercicios sobre os remanentes de crédito non comprometidos, para a súa reprogramación en exercicios posteriores.

Recomendación núm. 20

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre o custe das competencias autonómicas que están a ser desenvoltas ou financiadas polas corporacións locais, desagregando os seus principais compoñentes, e valorando posibles alternativas cara ao futuro para o seu refinanciamento.

Recomendación núm. 21

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a metodoloxía de asignación de valores realizada pola Axencia Tributaria de Galicia na xestión de diversos impostos autonómicos, para o período 2009 ata a actualidade, e onde tamén se reflectan os aumentos impositivos acadados polos cambios establecidos e unha análise sobre os litixios producidos.

Recomendación núm. 22

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a Axencia Galega de Innovación correspondente aos anos do 2015 ao 2022.



Recomendación núm. 23

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a Asociación Cluster Empresarial de Turismo de Galicia.

Recomendación núm. 24

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre dos procesos de contratación da Axencia Galega de Turismo.

Recomendación núm. 25

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización á Axencia de Turismo de Galicia para coñecer calquera achega, contrato ou convenios coas compañías aéreas que operan en cada un dos aeroportos da nosa comunidade.

Recomendación núm. 26

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre do informe de fiscalización de cada unha das confrarías de pescadores.

Recomendación núm. 27

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a calidade asistencial da rede de centros de atención ás persoas maiores.

Recomendación núm. 28

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a eficacia das medidas adoptadas nas residencias públicas e concertadas privadas con motivo da xestión da pandemia da Covid-19 e as consecuencias de faltas de coidados sanitarios nas residencia da terceira idade e dependentes.



Recomendación núm. 29

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización dos obradoiros de emprego financiados pola Xunta de Galicia que inclúa a avaliación da concesión, xestión e resultados acadados nos últimos 10 anos.

Recomendación núm. 30

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre a xestión económica de cada un dos centros de menores de Galicia.

Recomendación núm. 31

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización dos fondos destinados pola Xunta de Galicia a I+D+i no período 2009-2022.

Recomendación núm. 32

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercicio 2023 un informe de fiscalización sobre o destino de todos os ingresos recibidos do Estado debidos á xestión da pandemia da Covid-19 dende 2020 ata a actualidade.

Recomendación núm. 33

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero recibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia no período de 2018 a 2022.

Recomendación núm. 34

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre a execución do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19



Recomendación núm. 35

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización dos contratos de produción allea na CRTVG nos últimos 10 anos.

Recomendación núm. 36

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre a implantación electrónica, ciberseguridade e ciberhixiene na Administración autonómica.

Recomendación núm. 37

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre o Plan Rexurbe.

Recomendación núm. 38

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercicio 2023 un informe de fiscalización sobre os gastos en recursos humanos no sistema sanitario galego co seguimento dos fondos extraordinario recibidos para afrontar a pandemia da covid-19.

Recomendación núm. 39

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un balance provisional de xestión e cumprimento de obxectivos do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) xestionado pola Xunta de Galicia correspondente ao marco de financiamento 2014-2020.

Recomendación núm. 40

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os contratos menores asinados pola Consellería do Medio Rural, durante os anos 2019, 2020, 2021 e 2022 con expresión da relación de ofertas solicitadas para cada contrato.



Recomendación núm. 41

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os contratos menores asinados pola Consellería do Medio Rural, vinculados aos proxectos de merca proximidade e ás campañas de publicidade do super feirón, tendo en conta a relación de ofertas realizadas para cada un deles.

Recomendación núm. 42

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sectorial sobre as axudas da PAC outorgadas polo Goberno galego no período 2014-2020.

Recomendación núm. 43

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre o custe para a Administración autonómica de cara a contribuír economicamente, xunto coa Administración central, á rebaixa das peaxes na AP-9.

Recomendación núm. 44

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre as encomendas de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 45

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe sobre a temporalidade no emprego público no ámbito da Administración Xeral e do sector instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 46

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar neste exercicio 2023 un informe sobre a xestión económico-financeira da covid-19: contratación de emerxencia, transferencias e axudas públicas.



Recomendación núm. 47

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría operativa do Plan Galicia Innova 2020 da Axencia Galega de Innovación.

Recomendación núm. 48

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas efectuar unha auditoría de regularidade en relación cos contratos de patrocinio da Administración xeral e do sector instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 49

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas efectuar unha auditoría operativa en relación cos contratos de innovación e de compra pública innovadora da Administración xeral e do sector instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación núm. 50

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas efectuar unha auditoría de regularidade e operativa sobre os expedientes de reintegro de fondos europeos no período 2014-2020 e as descertificacións efectuadas.

Recomendación núm. 51

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre o número e volume de contratacións menores ou negociadas sen publicidade que foron utilizadas polo Sergas durante o ano 2021, valorando a súa pertinencia en canto ao formato de contratación usado e os obxectos dos contratos.

Recomendación núm 52

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos propios e recibidos do Estado do Xacobeo 2021-2022, así como sobre os procesos de contratación.



Recomendación 53

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre a implantación electrónica no eido da Administración de Xustiza.

Recomendación núm. 54

Realizar un informe de fiscalización sobre os procesos de contratación da Administración autonómica respecto dos medios persoais na Administración de Xustiza.

Recomendación núm. 55

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que proceda á execución íntegra do seu orzamento especialmente no relativo á dotación de equipos humanos e materiais para a realización en prazo dos informes de fiscalización previstos nos respectivos plans de traballo do Consello de Contas.

Recomendación núm. 56

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dea preferencia nos procesos de provisión de postos de traballo no Consello aos procedementos de provisión de carácter permanente, fronte aos procedementos de carácter transitorio e temporais.

Recomendación núm. 57

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que no exercicio 2023 propoña unha comparecencia monográfica no Parlamento de Galicia en relación cos efectos da covid-19 na xestión económico-financeira das administracións públicas de Galicia.

Recomendación núm. 58

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que no exercicio 2023 propoña unha comparecencia monográfica no Parlamento de Galicia en relación coa resposta á crise da covid-19 polo sector público de Galicia na súa integridade.



Recomendación núm. 59

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os convenios de colaboración subscritos pola Consellería do Medio Rural, durante os anos 2019 a 2022, e as entidades públicas instrumentales (Agader, Agacal, XERA), con expresión dos criterios de elaboración, adxudicatarios, importe e o resultado.

Recomendación núm. 60

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe de fiscalización sobre os cursos de formación aprobados e adxudicados pola Consellería de Emprego, expresando criterios de adxudicación, estudos previos de idoneidade, adxudicatarios, importe e resultado de inserción no apartado de formación a desempregados.

Recomendación núm. 61

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe en relación coa participación das entidades locais de Galicia na xestión dos fondos europeos estruturais e de inversión asignados á Comunidade Autónoma.

Recomendación núm. 62

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre o sistema de financiamento das entidades locais de Galicia e a participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.

Recomendación núm. 63

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre a financiación do Servizo de Axuda de Fogar das entidades locais de Galicia.

Recomendación núm. 64

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar un informe sobre a situación dos concellos de menor poboación de Galicia e o seu impacto en relación co reto demográfico.



Recomendación núm. 65

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar unha informe de fiscalización integral sobre a Sociedade Impulsa Galicia presidida polo Vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/03/2023 18:22:31



Á MESA DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, presenta ante esa mesa a seguinte **corrección de erros** advertidos no documento con número de rexistro 51215.

Na recomendación núm. 3, onde di: “... anos do 2015 ao 2021, ... “ debe dicir: “ anos do 2015 ao 2022, ...”


A recomendación núm. 26 débese suprimir.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/03/2023 18:59:01





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

